


COTAREDO

Nº V ANO 2002

REVISTA CULTURALE TURÍSTICA
DO CONCELLO DE FORCAREI



XOSÉ LUIS BARREIRO
- LECCIÓNS DA TERRA -

MANUEL REBOREDO
- OS CASTROS DE MONTES -

CARME HERMIDA
- SARMIENTO NA TERRA DE MONTES -

REA NIKONOVA
- LETRAS E TRAZOS -

F. ROZADOS "ROCHI"
- CRUCEIROS DE FORCAREI -



Male portrait in dualism style
(oil on cakelboard) 1967 - 1978

Rea Nikonova

Dereitos de autoría dos traballos desta edición:

- * dos textos -X. L. Barreiro, Carme Hermida, Rea Nikonova, Manuel Reboredo e Francisco Rozados "Rochi"
- * das ilustracións - Rea Nikonova e Dirección Xeral de Patrimonio.
- * de arquivo - Dirección Xeral de Patrimonio e Concello de Forcarei.
- * das fotografías - Francisco Rozados "Rochi"

Edición non venal da Concellería de Cultura do Concello de Forcarei

INDICE

| | Páx. |
|---|------|
| Saúdo do Alcalde | 4 |
| Presentación | 5 |
| A íntima experiencia da Terra <i>Xosé Luis Barreiro</i> | 7 |
| A lección da Terra <i>Xosé Luis Barreiro</i> | 14 |
| As cores esvaídas da nostalxia | 21 |
| Frei Martín Sarmiento e a Terra de Montes <i>Carme Hermida</i> | 33 |
| A cultura castrexa. O caso de Forcarei <i>Manuel Reboredo</i> | 62 |
| Cruceiros, cruces, petos e monumentos funerarios no concello de Forcarei <i>Francisco Rozados "Rochi"</i> | 66 |
| Conto e poemas visuais <i>Rea Nikonova</i> | 108 |

SAÚDO DO ALCALDE



**David
Raposeiras**

Pasaron cinco anos desde que o primeiro número de *COTAREDO* vira a luz. Neles, a publicación acolleu o traballo de sinalados colaboradores, coma Antón Fraguas, Avelino Senra, Ernesto Viéitez Cortizo, Xosé Luis Barreiro, Manuel Barreiro Ouro, Xosé Manuel Rivas Troitiño, Carlos Núñez, David Otero, Xosé Manuel Martínez Oca, Xosé María Barreiro, Jesús Muras, Manuel Espiña, Manuel Cabada, Federico de la Peña, José Raposeiras Correa, José Chedas, “Xoque” Carvajal, Miguel Carvajal Touceda e Bofill. A todos eles debemos agradecer a súa axuda para que esta publicación teña como firme pretensión o enalzamento da nosa cultura e o dala a coñecer, primeiro entre nós mesmos, os fillos de Forcarei e a Terra de Montes, e despois a todos aqueles que nos visitan e agardan desvelar os seus íntimos segredos, os segredos dunha cultura xa milenaria que se foi fraguando entre os riscos das montañas e os riscos das plumas que contribuíron a facérnola chegar. A todos eles, por tanto, o noso agradecemento, e tamén ós que colaboran por primeira vez nela, coma a profesora Carme Hermida, a Manuel Reborado, a Emilio Araújo e a poetisa rusa Rea Nikonova. Vaia para todos a gratitude sincera do Concello que me honro en presidir.

David Raposeiras Correa
Alcalde de Forcarei

Agosto de 2002

Presentación



**Francisco
Rozados**

O quinto número da revista **COTAREDO** segue na teima de afondar no coñecemento desta terra a través das atentas e agarimosas olladas dos seus fillos e amigos, das colaboracións de xentes que gardan con ela un forte vencello telúrico ou que, alomenos, se sentiron cativados pola súa paisaxe e pola súa veciñanza cando se achegaron ós seus eidos. Comezamos a nosa gratitude precisamente pola terra, porque dela e da lección que nos dá a cotío falan as colaboracións do fiel amigo e firme colaborador da revista **Xosé Luis Barreiro Rivas**, a quen aproveitamos para felicitar polo seu recente nomeamento como Director do Departamento de Ciencia Política e Administración da Universidade compostelá. Xosé Luis exprésanos coa súa acostumada pluma lúcida e admirable algo que se vén concretar nunha das expresións que el mesmo utiliza: “*A terra é o mellor libro de historia que temos á nosa vista*”. Agasállanos nesta ocasión con dúas intervencións para senllos certames literarios (o da XXIV edición do “*Modesto Rodríguez Figueiredo*”, concedido en Forcarei no ano 98, e o da XVII edición do “*Antón Losada Diéguez*”, concedido neste pasado xuño en Boborás) que poden ir da man, porque as dúas tratan, como dixemos, da nosa especial relación coa terra. Especial relación que tamen mantiña, a pesar de non frecuentala, Frei Martiño Sarmiento coa de ascendencia da súa familia paterna: o vilar de Meilide, na veciña terra de Cerdedo, concello irmá na Terra de Montes, onde se atopa a Casa das Raposeiras. Dános unha maxistral lección da viva relación que o frade mantivo coa nosa comarca a profesora de Lingua Galega **Carme Hermida**, veciña tamén do noso concello que xenerosamente se prestou a colaborar con este exhaustivo e soberbio texto no ano Sarmiento. A ela tamén lle amosamos de xeito aberto a nosa gratitude. Gratitude que estendemos especialmente ó editor e poeta **Emilio Araújo** poeta da memoria dos labregos e da memoria das pedras, a quen tiveron a sorte de coñecer cando el se interesou pola figura axuizada e honesta do *Señor Afranio*, e co que compartín un serán de descubrimentos en torno á figura do petrucio silledense na casa do Señor Manuel Barreiro (o *Manecho* do relato biográfico de Antón Alonso *Afranio*). Emilio foi quen nos deu a posibilidade de introducir o sopro de aire fresco que nos aporta a poetisa e pintora rusa **Rea Nikonova**, na fronte da

vangarda do seu país. Vaia para eles tamén o noso recoñecemento. E lembrarán vostedes que, no primeiro número desta revista que agora cumpre un lustro, tiñamos un convidado de honra, o xa desaparecido pero tan presente coma sempre no eido da cultura don **Antón Fraguas**, das veciñas terras do canón de pao. Pois pechamos este número coa colaboración doutro amigo de Cotobade dedicado a tarefas arqueolóxicas. **Manuel Reboredo Tajés** describe para nós as nosas propias riquezas do mundo castrexo desde a óptica dinámica do experto. Para el, tamén, o máis franco agradecemento pola súa inestimable axuda. Completan este número a sección “**As cores esvaídas da nostalgia**”, caste de fiestra-homenaxe ó pasado que nos foi traballando para ser o que hoxe somos, e unha monografía sobre o noso inventario etnográfico titulado “**Cruceiros, cruces, petos e monumentos funerarios en Forcarei**”. Coma outros anos, esperamos que estas páxinas sexan do agrado dos nosos benqueridos lectores.

Forcarei, agosto de 2002.

Francisco Rozados “Rochi”
Fundador e coordinador de **COTAREDO**



A íntima experiencia da Terra

Xosé Luís Barreiro Rivas (1)

CHANZO PRIMEIRO: UN PÚLPITO PARA A MANTENZA.

Nacido no pequeno lugar de Sorribas, fillo de **Manuel e Dolores**, os millores recordos da miña infancia están ligados á miña primeira e nunca desvelada vocación de *inxenheiro de camiños*, cando fuxía soio da casa cara os prados da Granxa, das Maleitas, de Trasparadela ou de Guimarás e botaba as longas tardes do verán facendo experimentos coa auga, taponando as presas e caneiros, e medindo o empuxe da represa contra as moreas de pedras e torróns cos que freaba o seu paso.

Daquela aínda non coñecía a letra do *bolero* que advirte da imposibilidade de frear o río que xorde da montaña, e na miña teimuda intención de facer o que eu chamaba “un pantano indestructible”, chegara a desenrolar unha admirable técnica constructiva que, a base de paus cravados no chan, de estruturas trianguladas que segundo dicía **Don Camilo**, citando sempre a **Eiffel**, eran indeformables, con grandes torróns e pesadas laxes, lograba encorar máis dun metro de auga nos caneiros de Guimarás, ata que por un falliño de nada, que eu me explicaba sempre dun xeito científico, a forza da auga marchaba cos torróns e coas pedras polo prado abaixo, obrigándome a un pesado esforzo de recollida e limpeza, antes da noite, para que ninguén descubriera onde estaba o meu laboratorio experimental da inxeniería hidráulica.

Pólo ano 1957, cando ocurría esta historia, tampouco chegara a televisión a Forcarei, nin se inventaran os documentais da natureza que tanto e tan ben acompañan os nosos toteleos no sillón de orellas á hora do café. E por eso non me puideron axudar da lección constructiva dos castores, que con unha técnica instintiva moi semellante á que eu desenrolei coa miña intelixencia, consiguen facer grandes presas nos ríos da Patagonia, onde teño pensado viaxar algún día para pasar dous meses nunha hacienda taponando presas, competindo cos castores e lembrando os días felices da miña nenez.

Xa pola noite, metido na cama, matinaba unha e outra vez na forza da auga, tentando saber por qué se viñan abaixo os triángulos indeformables de **Eiffel**, e matinando novas solucións e novas técnicas de artellamento dos garabullos que me servían de armazón constructivo, para experimentar o día seguinte con similar éxito. E así unha e outra vez, ata o punto de non quedar en toda esta zona de Forcarei unha soia presa ou un soio caneiro que eu non teña atrancado, desviado ou replantexado, tentando dar coa fórmula maxistral para conter a auga nas zonas altas ata que eu quixera, e non ata que a forza da gravidade o dictaminara.

1. Conferencia pronunciada no Salón de Plenos do Concello de Forcarei, o día 27 de decembro de 1998, co gallo da entrega dos premios correspondentes á XXIV edición do certame “*Modesto Rodríguez Figueiredo*”, organizada polo Patronato do “*Pedrón de Ouro*”.

Pero esas era pequenas cousas, ou pequenos ensaios para o meu gran proxecto. Porque a miña verdadeira obsesión consistía en taponar o Lérez augas abaixo da Ponte de Gomaíl, preto xa da ermida do Pego, e demostrarlle ó mundo enteiro -ou sexa ós de Pontevedra- que a Terra de Montes era unha lagoa redonda, pechada entre o Candán, o Testeiro, o Seixo, as eiras da Mámoa e as Baiucas. E que a auga do Lérez podía ficar aquí para sempre, alomenos ata que chegara máis alá das Casetas e sobardara cara a Graña de Umia, onde o río da Terra de Montes cambia de nome e de camiño para perderse no mar de Arousa, que daquela era para min máis lonxano do que hoxe me queda o Océano Pacífico.

Claro que a miña intención non era sulagar Sorribas, onde estaba a casa da madriña Manuela, na que eu nacera. Tampouco quería deixar á xente sin terras, nin producir enerxía eléctrica. O meu proxecto non era máis que unha operación “identitaria”, orientada a demostrar que a Terra de Montes era coma unha casa con paredes e portas, con un perímetro que coincide coa cunca do Lérez, e que eu supoñía definida, e mesmo sacralizada, por catro referencias imborrables das que moito ouvira falar, aínda que soio as vira de lonxe: a ermida de San Sebastián, que sinalaba o Norte; o santuario de San Domingos, que sinala o Sur; o coto de San Benito, que recibe o sol polo Leste; e a ermida do pego, que despide a lus polo Oeste.

Dende aquela, fai case cincuenta anos, cambiaron moito as cousas. E a pesar de que non levei adiante a miña temperá vocación de inxeñeiro, teño perfectamente medida esta terra, e sinalado nos mapas os puntos exactos por onde debería verquer a monumental presa feita de pedras, torróns e garabullos, coa que tanto soñei, e que, mercede ós seus 250 metros de altura, tales eran os meus cálculos, iba a privar ó Océano Atlántico da valiosa e abundante aportación do río Lérez, para deixalo a expensas do Congo, do Amazonas, do Mississippi, do Rhin e do San Lourenzo.

Hoxe, como vostedes poden supoñer, teño un tanto desbotado aquel proxecto case metafísico, que agora troco por unhas follas do mapa 1:25.000 do Instituto Xeográfico e Catastral, onde adoito pintar as oreas do meu lago imaxinario no que cabería toda a Terra de Montes, ese ámbito que, a medida que vou avanzando en anos, volta a ser algo así como todo o mundo, ou polo menos toda a terra que eu coñezo e na que me encontro seguro.

Pero se o soño da lagoa esmorece, cobra forza, en cambio, a idea dunha cosmoxía, dunha terra ordeada e coñecida por milímetros, cos seus carballos e vidueiras, cos comareiros labrados ó ancho, coas campás de Castrelo que traen a chuvia e as campás de Dúas Igrexas que se oen nas tardes quentes de maio, a piques de vir a treboada, co cuco da Albariña e co barbollo impresionante da freixa de Chamosa, que aquí empeza a ouvirse polo Samartiño e pérdese alá pola Pascua. Por eso teño a convicción de ter nacido nunha terra inscrita nunha circunferencia de montes outos e misteriosos, que debe ter o centro alí pola miña casa, máis ou menos, na habitación onde durmiamos o meu irmán **Manolo** e mais eu. E por eso sigo vendo esta terra fría e para os alleos inhóspita coma un berce natural, redondo e ben acolchado, ó que aínda hoxe non poído acceder sin decatarme de atravesar os seus ben definidos umbrais, chámense a Portela de Lamas ou de Codeseda, a Baiuca ou a Ladreda, o Pego ou as costas de Folgoso.

Por eso conservo aquí os bos amigos, ós que quero ver cando estou triste. E por eso os veciños de Montes chegamos a ser, como dixo **Séneca**, non fillos dun recanto remoto, senón cidadáns do mundo enteiro.

CHANZO SEGUNDO: ALECCIÓN DA TERRA.

Cecais por eso, porque cada aldea é un mundo, é polo que ten moito senso que o *Padroado do Pedrón de Ouro* viaxe co seu premio “*Modesto R. Figueiredo*” polas terras de Galicia, para senti-lo pulso da nación, para non esquecer que as raíces medran cara abaixo, e que non hai cultura nin carballo que non reciba o seu sustento por un estreito e fráxil conducto cravado na terra, e aferrado a ela coa forza de quen sabe que nelo lle vai a vida.

E por eso me atrevo a adoptar a postura, que pode parecer paradóxica, de recibir ós ilustres invitados de hoxe ós que premian e ós premiados falando de nós e non deles, do noso compromiso con unha Galicia á que ata fai pouco somentes lle pediamos portos para emigrar e un recanto pequeno onde refacer a vida ou repousar a morte dos retornados. Unha Galicia á que sin embargo lle soubemos aportar unha inmarcesible fidelidade lingüística e cultural, un teimudo apego a unha terra ríspida e pouco xenerosa, e unha ringleira interminable de médicos, inxeñeiros, cregos, artistas, empresarios, artesáns, políticos, literatos, cineastas, músicos, poetas e traballadores de toda caste, case todos eles amasados na segura escola da necesidade que agudiza o inxenio, e na sólida formación adquirida con eses recursos chegados de Francia, da Alemaña, de América e de tódalas partes do mundo, que son o mellor remedio contra a tentación do dispendio que tantas veces sinten os fillos da abundancia.

Dende que estas cousas foron verdade, toda a verdade e namáis que a verdade, Forcarei, e toda a Galicia rural, cambiaron moito, e para ben, gracias a Deus e ó esforzo de todos. De ser o fin do mundo pasamos a estar nun nó de comunicacións con un gorentoso futuro. De ser unha terra probe e lonxana pasamos a ser unha fermosa reserva natural, chea de contrastes, limpa de paisaxes e rica en posibilidades. De ver como os nosos emigrantes se ían a mancheas, sin máis capital que unha maleta de madeira e as catro regras aprendidas na escola, a ver un mundo no que somentes se van da casa os máis preparados, os que son chamados fóra de aquí para rexer outros proxectos ou exercer importantes responsabilidades. De ter dificultades para falar e escribir “*coma a xente*”, como dicían daquela, a ser chamados polos Institutos da Lingua para que lles ensinemos a boa sintaxe e a perfecta pronunciación que aínda conserva o galego natural e incontaminado da Terra de Montes. De estar perdidos no nomeclator postal, coa necesidade de facerlle un mapa manuscrito ós amigos que nos viñan a ver, a ser un dos pobos máis famosos de Galicia, do que case todos ouviron falar e ó que todos desexan vir algunha vez.

E por eso, conscentes do que somos, e das cousas e causas que nos trouxeron ata aquí, soñamos a veces con convertirmos na imaxe dunha Galicia moderna e chea de benestar, tan preto dos mundos que veñen coma dos que fican detrás, tan pagados dos nosos soños de nenos vividos nunha lagoa imaxinaria deitada ós pés do Candán coma da increíble realidade da vida de hoxe, que deixa

pequenos os soños arrincados dun mundo sin fronteiras.

Como poucas veces se sabe ver, Galicia é unha fecunda mistura de modernidade e de ancestros, de localismo e universalidade, un sitio no que prenden as modas e se manteñen as crenzas, onde caben tódolos gostos e se fixan tódalas tradicións. E por eso as xentes da Terra de Montes, no cerne mesmo do país, acollemos hoxe este acto de afirmación cultural e de vitalidade social, patrocinado polo *Padroado do Pedrón de Ouro*, non coma unha escea que se representa diante de nós, senón coma unha expresión do noso ser e do noso saber de galegos, que perdurou acollido en terras coma estas, ailladas e empobrecidas durante séculos, para agromar agora nun pobo libre, de cultura europea, orgulloso da súa lingua e do seu xeito de ser e vivir, pagado da súas institucións e seguro do seu futuro.

E góstanos lembrar, véndovos a todos na vila de Forcarei, que soubemos percorre-lo mundo sin esquecer endexamais onde está o centro da terra polo que tanto laiaba aquel *Hochi de Redondela* do premiado conto de **Inmaculada López**, e que sempre nos valeu con ser “*só xente, e só mundo*”, e soñar, coma a *Antía María*, de **Rosa Aneiros**, “*nun recanto onde os soños son de todos*”. Sempre nos gostou ter unha terra aberta, na que tanto teñen que dicir os que voltan das grandes urbes coma os que nunca saíron, coma *Peizais de Sorribas*, de **Xaime Félix López**, “*do cativo berce desta nosa terra*”. E góstanos levar a Terra de Montes nos miolos, e facer, coma o *Álvaro de Meizoso*, de **González Tosar**, que percorría cada noite “*tódolos camiños e rúeiros do pequeno lugar de Matelo*”.

CHANZO TERCEIRO: O PASO DE MINERVA POLA TERRA DE MONTES.

Que cheguen a Forcarei os premios literarios é toda unha proba de madurez do país, de que as cousas teñen cambiado, e de que tantas veces temos ido polo mundo á procura da cultura, da sona, da beleza, dos persoeiros que firman libros, dos políticos que fan leis, dos hospitais que curan doenzas, das fábricas que dan traballo e das festas que dan ledicia, que mesmo semella ser xusto que cambien as tornas e todo empece a voltar cara a nós, a cultura primeiro, e as outras cousas, paseniño, despois.

Pero non queremos pecar de optimistas. Tamén aquí sabemos que, despois dun tempo de seitura, no que se colleron os mellores froitos dunha historia sen esforzo e resistencia, estamos entrando agora nunha nova xeira con novos problemas, cando sobran cartos e devecen os folgos, e cando xa nos faltan novas ideas para progresar na normalización da lingua, na persoalización do ensino, na peculiaridade que non tolle, na identidade que non convirte a cultura en folklore, nese tempo espeso no que xa hai máis xente que vive da lingua que para a lingua, nese treito perigoso no que o adxectivo galego pode servir para convalidar todo aquilo sexa literatura, ciencia ou cultura que nunca tería éxito noutra lingua, e que perdura á costa dun mal sentido patriotismo.

A situación aínda non chegou a ser dramática, pero vai camiño de selo. E compre que canto antes deixemos de tratar a lingua coma o sal que remedia a comida sosa, ou coma o zucre que adobía a laranxa agre. Porque se é certo que a Galicia de hoxe é filla da súa lingua, tamén pode selo que a nosa capacidade de producir, de

pensar e de saber acabe debecendo no colo da lingua, eivada polos seus mimos e durmida polos seus agarimos.

CHANZO CUARTO: DAR UN REPASO DE PASO.

Manter unha xornada literaria non equivale a facer unha análise do feito cultural, nin a relevar ós oradores de hoxe da súa obriga de xustificar os premios e de lembrar a figura de **Modesto R. Figueiredo**. Pero tampouco pode ser unha ocasión perdida, na que todo sexan lembranzas e todo se volten loubanzas. Porque a cultura de Galicia empeza a padecer o mal do oficialismo, empeza a comer en exceso nas mans da política e das institucións da cultura e do aforro, empeza a deber demasiados favores, empeza a vivir no limbo dos diñeiros públicos. E eso é tanto coma dicir que nos estamos quedando sin voces críticas, sin pensamento independente, sin brillantez creadora, sin heterodoxos que abran portas cara mundos novos, sin mozos e mozas que ocupen a súa cadeira, sin o apoio dos poderosos que despois lles piden o pagamento dos dezmos. E quere dicir, sobre todo, que empezamos a ter demasiados petrucios, demasiadas referencias, demasiados paradigmas, demasiados históricos, demasiados mestres, demasiado pasado, demasiados conversos e... pouco futuro.

Pola miña propia traxectoria sei que o pulo oficial foi clave para o despegue actual da cultura galega. Pero tamén sei que continuar así sería coma un suicidio, ou coma unha morte lenta que xa se empeza a ver nuns medios audiovisuais cada vez máis pedestres e, no fondo senso da verba, realmente antigalegos; nuns periódicos que soio escriben en galego cobrando; nunhas editoriais que lle colocan á Xunta máis libros dos que venden no mostrador; e nunha longa nómina de autores ós que lles resulta máis fácil publicar un libro que atopar un lector.

E eso tamén hai que dicilo nunha terra coma a de Forcarei, onde sabemos moito de esforzo e disciplina e case nada de dádivas e de farturas. E hai que dicilo, sobre todo, estando con xente coma vós, ilustres membros do *Padroado do Pedrón de Ouro*, que tendes xa trinta e catro anos de meritória laboura galeguista, contra a dictadura primeiro, e coa liberdade despois.

E hai que dicir estas cousas onda vós, que sabedes moi ben que, se difícil resulta conservar unha lingua marxinal, perseguida e desterrada da universidade, da comunicación e da cultura, máis difícil pode ser aínda o superar a molice do oficialismo, ou gañar o necesario estatus de adultos cando ficamos acunados e ben arroupados no colo das institucións.

Neso non hai esquerdas nin dereitas, nin históricos nin modernos, nin políticos nin empresas. Hai unha forma de ver que folkloriza a cultura e xoga coas ventaxas dunha identidade artificiosa e estratexicamente domeñada. E, se me permitides unha confianza persoal, direivos que lle teño moito máis medo ós arrumacos dos poderes de hoxe que á “*longa noite de pedra*” do franquismo; que son piores os estómagos agradecidos de democracia que os “*patufos desleigados*” da dictadura; e que se aquela penuria anguriaba, a blanda adulación de hoxe esteriliza.

Porque a guerra das espadas pode perderse mil veces, mentres que a alma do galego da lingua galega sómentes se vende unha vez.

CHANZO QUINTO: O CREGO DE CAMPAÑÓ.

Antes de rematar tamén eu quero deitar unha lembranza na orella durminte de **Antonio Rodríguez Fraíz**, fillo de Montes, cronista deste concello, incansable investigador da historia da nosa terra, e esgrevio impulsor e membro da *Asociación de Amigos do Real Mosteiro de Santa María de Aciveiro e Terra de Montes*.

Bo pastor e bo veciño, crego ben querido da feligresía de Campañó, **Antonio Rodríguez Fraíz** creeu de firme que, apreixada nestes montes que nos arrodean, asulagada cecais pola lagoa imaxinaria que eu quería construír tapando o Lérez na saída do Pego, había unha historia que desvelar, na que está encerrado o segredo da nosa personalidade e a lección do noso tempo.

Dende a Mámoa á mina romana de Quintelas, dende os castros de Loureiro e Vilar ata a torre vixía de Castrelo, dende o convento de Aciveiro ó castelo dos xuíces meriños de Montes, dende a creación deste concello ata a biografía dos nosos artistas, **Antonio Rodríguez Fraíz** foinos descubrindo os esforzos dos nosos devanceiros, ata facer que valorásemos esta terra non somentes porque sí e porque nos peta e sai de dentro, como antes fixemos e facemos agora tamén, senón porque é de razón, e porque aquí se gardan algúns tesouros imprescindibles da arte e da cultura gallega.

CHANZO SEXTO: O MOSTEIRO DE ACIVEIRO

E xa preparando o remate, quero lembrar outra vez á *Asociación de Amigos do Real Mosteiro de Santa María Acibeiro e Terra de Montes*, fundada pola iniciativa do Ilmo. Sr. D. **Francisco Filgueiras**, e que agora teño a honra de presidir, á que agora lle está encomendada a consolidación e restauración da máis venerable ruína histórica que atesoura esta bisbarra.

Unha cita para min obrigada por tres motivos: 1º) porque organiza a homenaxe de irmandade que lle imos ofrecer ós membros do *Pedron de Ouro* e ós ilustres escritores galardoados; 2º) porque é un signo da viveza cultural da Terra de Montes; e 3º) porque a min me gusta nomeala porque sí, porque reuneu moitos méritos nos seus fundadores, e porque agora me brinda méritos e oportunidades que de certo non teño merecido.

CHANZO SÉPTIMO: REMATE E CAMBIO DE TERCIO

O escrito, como dixo Pilatos, *escrito queda*. Pero mal faría eu o papel de mantedor deste acto literario se non rematara a miña intervención glosando a enorme importancia que ten a celebración deste acto nas terras de Forcarei, se non fixera un adianto da loubanza literaria que merecen os galardonados e que outros terán ocasión de facer, e se non animase ó Alcalde e á Corporación de Forcarei a seguir nesta liña de promoción que somentes poden aceptar os que pensan que a vida é algo máis que materia, e que a acción de gobernar tamén acada ó espírito dos cidadáns e veciños que integran o concello.

E mal faría, sobre todo, se non agradecera a moita honra que para min supuxo o ser chamado como mantedor dun acto no que se lle garda lembranza á vida e obra de **Modesto R. Figueiredo** e no que se proxecta alén de nós o nome de ilustres escritores, por moito que xa teñan acumulado fama e méritos e viran recoñecida a súa obra con anteriores galardóns.

Pero non compre “*fringere frictum*”, como dicía o clásico, ou fritir o xa fritido, como dicimos por aquí. E por eso remato con unha sentida adicatoria:

Para a Terra de Montes tantas veces asulagada no meu maxín de neno inquedo fidelidade e agarimo. Para Galicia enteira, progreso e dignidade. E para todos vós, que celebrades os días de Nadal, toda a paz e toda a felicidade que saibades construír coa vosa solidariedade, coa vosa intelixencia e co voso esforzo. Como sempre fixestes ¡qué remedio! as boas xentes de Forcarei.

Xosé Luis Barreiro Rivas

Revisado en Raxó (Pontevedra) o día 24 de xuño de 2002



A lección da Terra

Prof. Dr. **Xosé Luis Barreiro Rivas**¹

1.- NON ESCOITAMOS A TERRA.

Cada día que pasa falamos máis e adicamos máis esforzos á ordeación do territorio. Somos conscentes de que o noso entorno paisaxístico, ecolóxico e histórico constitue un ben esencial e limitado, no que se asenta a nosa vida social e se desenrolan as nosas actividades productivas, e por eso tratamos de coidalo e protexelo coma se dun tesouro se tratara. Moitos galegos, nados aínda na aldea, estamos educados nunha fonda simbiose coa natureza, que cando se olla e se expresa en espazos de acusadas características coma a Terra de Montes ou a veciña Terra de Boborás-amósase coma unha realidade animada, interactiva, á que lle poñemos nomes garimosos que constitúen un verdadeiro mapa do noso entorno social. E por eso a ecoloxía ten entre nós ese senso radical que nos fala do coidado da propia casa, na que se recoñece o noso xeito de ser e de vivir.

O resultado, sin embargo, non acompaña eses desexos. E toda Galicia sofre unha transformación que ameaza con facernos esquecer a *Lección da Terra* e as orixes da nosa cultura. Certo que, detrás de eso que algúns chaman agresión, agroman tamén os froitos do progreso material e social, pero non por eso debemos pechar os ollos á perda dunha paisaxe natural e humana que se esvae detrás dun irracional eclecticismo de estilos e materias constructivos innecesariamente alleos, da ruptura da unidade estrutural dos vales, tránsitos e reservas tracexados polo relieve das nosas terras, e da perda dos refrentes que, dende o lonxano século V, cando **Martiño de Dumio** acometeu a impresionante e ben rematada tarefa de artellar social e economicamente a nosa poboación aillada, rústica e dispersa, sirveu para lle dar contido e explicación ó noso peculiar xeito de vivir, entender, habitar e usar a terra, e á nosa específica maneira de repartila despois entre os herdeiros.

Por eso compre preguntarse a qué se debe esta contradicción entre o que queremos e o que facemos, ou entre aquel país que herdamos e desexamos e este outro que estamos construíndo.

Para algúns será certo que a ignorancia e a especulación, endiañadamente combinadas, son a fonte de tódolos problemas e a explicación de tódolos erros e despropósitos que cometemos a diario. Pero a mín paréceme que esa manida explicación choca abertamente co feito de que, liberados xa da presión demográfica que pesou sobre as comarcas interiores, cando máis recursos se aplican ó proceso de ordeación do terreo, e cando máis culta é a cidadanía que demanda o uso correcto e racional do espacio e dos servizos públicos que interactúan con él, máis grave se presenta o deterioro do noso hábitat, e máis alonxados estamos do ideal de país que tecemos e cantamos nos nosos soños e arelas, nas nosas especulacións literarias e nos discursos políticos que facemos, escoitamos e votamos.

1. Discurso pronunciado na entrega dos galardóns correspondentes á XVII Edición do Premio “Antón Losada Diéguez”, pronunciado no Pazo de Moldes (Boborás) o día 8 de xuño de 2002.

Por eso estou plenamente convencido de que o problema dunha Galicia invertebrada e crecentemente afeada pola intervención dos seus fillos e institucións ten moito que ver coa perda da nosa capacidade para entender a propia Terra, e co descoñecemento das causas que determinaron o noso modelo de poboamento, a nosa estrutura de propiedade e os nosas formas de explotación da riqueza.

A nosa civilización avanzou moito na súa capacidade de intervención e transformación da terra e da paisaxe, a na súa posibilidade de resolver problemas que antes se interpretaban coma fatídicos condicionantes naturais do noso desenrolo. Facemos pontes que desafían as leis da gravidade; furamos montañas e esnaquizamos penedos que se opoñen ó paso das nosas autovías; convertemos os vales en terra cha, ou facemos lagoas onde a vista nolas pide. Se necesitamos auga sacámola das pedras, como fixo Moisés. Se necesitamos día freamos a entrada da noite, como fixo Xosué. E se enchemos os vales de auga para convertila en luz, prantamos as viñas nos curutos dos montes. As nosas casas están feitas para vencer as calores do verán e as brétemas do inverno, e xa non queda ningún terreo que fiquen libre de ser ocupado póla labranza, pólas industrias ou pólos centros de recreo. E, pagados como estamos do poder ilimitado do progreso técnico e científico, xa non sentimos a necesidade de calcular as horas de sol, o sopro dos ventos ou as brétemas húmidas que baixan do Norte, rolando velozes sobre a canle dos ríos.

Pero mentras gañábamos esa capacidade de actuar sobre a Terra e a paisaxe, fomos perdendo, paseniño, a nosa capacidade de entender a íntima racionalidade coa que esa Terra e esa paisaxe se expresan, ata o punto de que nin sabemos o que queremos facer cara o futuro, nin somos capaces de explicar de xeito convincente por qué fixemos o que xa fixemos. Non temos o diagnóstico do mal que afecta ó noso entorno vital, e por eso falamos da especulación, do *feísmo*, do barbarismo constructivo e da ruptura irracional dos usos da terra coma se foran pragas da natureza, ou coma se ninguén de nós -cidadán, lei, gobernante ou institución- tivera responsabilidade do que está a suceder.

2.- A COSMOLOXÍA COMO EXPERIENCIA.

Ainda que eu nacín no veciño concello de Forcarei, onde teño familia, casa e sepultura, tardei moito tempo en parar a miña atención nas terras de Boborás, e máis aínda en decatarme da inmensa riqueza en contidos naturais, históricos, artísticos e sociais que encerran estas terras. E cecais por eso demorei moito tamén en aprender a lección da Terra, esa que hoxe quero transmitirvos na honra dos escritores e investigadores que reciben o *Premio Losada Diéguez*. E para eso van a permitir que lembre diante de vostedes un pequeno intre da miña historia persoal.

A principios de 1985, durante a *Primeira Lexislatura* do noso Parlamento, estaba eu empeñado na posta en marcha da Radiotelevisión de Galicia, que concebía coma un proxecto de singular importancia para a vertebración política e social do noso país e para a normalización da nosa lingua e da nosa cultura. Por eso tiña a plena convicción de que os primeiros pasos daquela empresa ían marcar unha pauta que debería pesar moito no desenrolo futuro das súas actividades.

Tratábase de crear o máis poderoso instrumento de proxección cultural e social que tiveran a lingua e a cultura galega en toda a súa historia, e por eso cumpría

acertar exactamente co fondo contido dun país e dunha lingua á que había que servir, pro que en modo algún queríamos reinventar.

E para levar a cabo esa tarefa, dende os seus mesmos alicerces, escollín a un fillo desta Terra e desta casa que se chamaba **Luis Losada Espinosa**, con quen compartín despois unha amizade xenerosa, fecunda e íntima, que nos levou a falar de moitas cousas que servían de contexto a aquela empresa e aqueles obxectivos que nos fixeran coincidir. E así atopei ó guía que me fixo parar por primeira vez nesta terra, convencido de que aquí se atopaba o argumento esencial dunha tese que eu xa estaba perseguindo.

Para mín era e é evidente que os usos e distribucións tradicionais do territorio obedecen a unha racionalidade longamente asentada nos nosos instrumentos de socialización, na que non sómentes se integran os aspectos económicos e os condicionamentos físicos impostos polo clima e o relevo, senón tamén os procesos históricos vividos polos primeiros poboadores, que tiveron que resolver aspectos tan esenciais como son a identificación de cada comunidade co seu ámbito vital, a delimitación e diferenciación do mesmo frente a outras comunidades, a distribución e uso dos recursos internos, e a estrutura social e mesmo política que permitiu o exercicio racional das tarefas necesarias para o desenrolo da convivencia.

A esa acción, moi coñecida de antigo, chamaronlle os gregos “*cosmizar*”, e nesa cosmoxía, ou nese orden que fai útiles e fermosas as cousas, fican ocultas tódolas causas e argumentos que explican o que somos, e que lle dan racionalidade a unha estrutura social que, se ben é certo que pode ser cambiada por outra pois nada do que a humanidade fixo é necesario e inmorrente-, tamén e verdade que non pode ser parcialmente desestructurada ou desactivada sin que se produzan importantes problemas e desaxustes.

A cosmoxía é unha creativa mestura de orden, beleza, equilibrio, coñecemento e interiorización do espacio, ata o punto de convertelo, como fixo **Heidegger**, nunha estrutura esencial do coñecemento e da socialización do individuo. E dende esa perspectiva empezaba eu a matinar no que andando o tempo ía a ser a miña *Tese de Doutoramento*², na que trataba de explicar as bases antropolóxicas do orden espacial do Occidente, que precede ó xurdimento dos Estados Modernos e á Paz de Westfalia, e que inda hoxe segue inspirando e facendo posible a nova concepción sobre a que se articula e se fai posible a Unión Europea.

Para eso seguía o rastro á longa e complexa formación da idea de Cristiandade, e ós mecanismos simbólicos que axudaron a difundir e a facer intelixibles as claves do noso mundo e a nosa maneira de vivilo. E nesa xeira botei mán, de forma sobranceira, dos camiños de peregrinación que, coma o de Santiago, cruzaron a Europa medieval de Oriente a Occidente e de Norte Sur, coma se quixesen tracear, seguindo a costume das fundacións romanas, un enorme “*cardo*” que discurre entre o mar de Frisia e a eterna cidade de Roma, e unha vía “*decumana*” que unira a cidade de Xerusalén, símbolo da alianza de Deus, coa cidade santa de Santiago, na que se expresa e sacramenta a idea de catolicidade que levou a fê de Cristo ata o mesmo Fin do Mundo.

A miña idea era demostrar que, alén da súa natureza relixiosa, os camiños de

2. **Barreiro Rivas, J. L.** (1997): *La función política de los caminos de peregrinación en la Europa Medieval. Estudio del Camino de Santiago*. Madrid: Tecnos, 1997.

peregrinación constituiron tamén un fenómeno de singular relevancia política, que, servindo obxectivos traxeados antes de construírse o último dos grandes centros da peregrinación cristiá de signo universal, conseguen crear unha nova cosmoloxía que viña a significar a substitución do mundo antigo por outro moderno, ou do Imperio Romano pola Cristiandade, abrindo as portas a un proceso de cambios que culminou na explosión creativa do Renacemento.

Conteille eso a **Luis Losada**, para facelo partícipe da miña convicción de que a cosmoloxía funciona coma as ondas dun estanque que, partindo dunha formación concéntrica e cada vez máis ampla, vai reproducindo e ampliando con meticulosa exactitude os mesmos fenómenos que a xente común protagoniza e impulsa no ámbito inmediato, en función das súas necesidades e obxectivos. E foi entón cando **Luis** me dixo que tiñamos que vir a Moldes, subir ó Castro de San Mamede e ollar o que a él se lle antoxaba coma unha espléndida cosmoloxía das terras de Boborás, feita á medida do home. Claro que a miña explicación do Occidente tiña un segredo que lle ocultei a **Luis**, xa que, rachando coa tradicional fachenda coa que adoitamos falar das nosas cousas, estaba eu chegando á conclusión de que a cosmoloxía non se móve por forzas centrífugas, como eu mesmo pensaba cando, sendo pequeno aínda, percibín nidiamente, na miña aldea de Montes, que tódalas terras teñen formas e lóxicas propias.

Coa madurez do meu propio pensamento, axudado por tantas lecturas que a vida me obrigou a facer, estaba atinando coa idea, reflexada despois na Tese, de que a forza da cosmoloxía é esencialmente centrípeta, o que equivalía a dicir que, lonxe de ir dende Aquisgrán a Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago fora feito para establecer unha ampla corrente de civilización e cultura que unira o Finisterre coa Europa Central. Aínda que tamén estou seguro de que a posible descuberta dese segredo non tería afastado a **Luis Losada** da súa firme convicción de que o Castro de Moldes é o centro do mundo, do mesmo xeito que eu estou seguro de que ese centro fica agachado na lareira dunha casaña de Sorribas, no fondo de Forcarei, na que tiveron a sorte de nacer.

E así cheguei eu ó Castro de Moldes por primeira vez, no mesmo día en que o meu amigo Luis me lembrou unhas verbas escritas polo seu pai, **Antón Losada**, para quen o galeguismo tiña un senso esencialmente telúrico e sentimental: *“Todo fala no mundo cando hay ouvidos pr'a ouvir: falan os homes e falan as cousas, y-entre todas as cousas que no mundo falan ningunha como a terra onde nacimos e que nos deu o leite para vivir y-a sangue para sentir. Y-entre todas as terras do mundo ningunha fala a nosa y-alma coma a Galicia eterna sempre chea d'agarimo e de queixumes”*³.

Cecais hoxe adocemos do mal que se insinúa nas verbas de **Losada Diéguez**. E, aínda que segue sendo verdade que a Terra nos da a cotía a súa ensinanza construída de xentes, traballos e tempos, coído que non temos *“ouvidos para ouvir”*, e que mesmo caímos na soberbia de ser nós os que queremos darlle leccións á Terra, corrixindo a obra da Creación, e ensinándolle ó mundo como tiña que ser, por onde deberían baixar os regatos, que anchura lle corresponde ós ríos, que outeiros sobran na paisaxe, qué melodía terían que cantar os paxaros ou que sombras debería proxeitar o

3. **Losada Diéguez, A.** (1920): Galicia. En: La Habana, Ano XIX, nº 30, 25-VII-1920, p. 2. Citado a partir de: **Losada Diéguez** (1985): Obra completa. Edición ó cuidado de **Justo G. Beramendi** Vigo, Xerais, p. 277. A ortografía reproduce o texto orixinal.

ámbito a cosmoloxía que nos determina, de entender a variedade e os equilibrios que proxectan a nosa cultura, e de conservar a beleza e a utilidade que esa Terra nos ofrece.

Non entendemos a Terra. E por eso hai *feísmo*; por eso se estenden os monocultivos da madeira; por eso arrincamos as viñas dos vales para levalas ós montes; por eso poñemos as nosas casas no berce dos torrentes, nas umbrías da ladeira, ou nas eiras onde sempre acamparon de cheo as crudas xiadas do inverno. E mesmo os camiños, que foron noutrora semellantes ás veas que irrigan e dan vida a un corpo, tracéxanse hoxe coa soberbia de quen ten asumido que tódolos espazos teñen que ser accesibles ás máquinas, para domear a natureza ós usos que nós lle dictamos.

A cosmoloxía respetaba o mundo, e establecía un diálogo fecundo entre a xente e o espacio. Pero, nunxe desa simbiose entre a Terra e a xente, da que falaba **Antón Losada**, a ordeación do territorio enténdese hoxe coma unha dominación, coma unha colonización, coma unha invasión do terreo polo home, coma unha urbanización universal na que todo ten que ser tracexado, definido e reformado. Por eso me deixou admirado aquela primeira visita que fixen con **Luis** ó castro de San Mamede. Porque fixo posible a miña comprensión instantánea dun mundo que se abría diante de min con perfecta racionalidade e equilibrio, e porque me dou a clave para entender unha realidade que se expresa na extraordinaria diversidade e harmonía dos enclaves históricos e antropolóxicos que definen o territorio histórico de Boborás.

Xa que logo, a baixada de San Mamede, e a posterior visita a Pazos de Arenteiro, Cameixa, Xurenzás, Astureses e Xubencos foi coma unha festa trezada de natureza e arte, na que todo parece disposto para o gozo dos sentidos e a orientación das vontades, nunha lección que agroma da Terra e que, unha vez interiorizada, nos permite comprender as outras ondas concéntricas que producen os feitos históricos cando entran de súpeto no proceso da civilización, e que van definindo mundos cada vez máis grandes e máis complexos, somentes entendibles para quen coñece a vida e a lingoaxe do seu solar de nacemento.

3.- UN PREMIO PARA OS QUE AMAN A TERRA.

Pouco despois daquela primeira visita ó Castro de San Mamede, chegou ás miñans mans a o libro da *Obra Completa* de **Losada Diéguez**, que o seu fillo me remitía con unha garimosa adicatoria. Un libro que me interesou moito pólus seus contidos esenciais e polos estudos que, baixo a dirección de **Justo G. Beramendi**, axudaban a comprender a grande obra dun escritor, etnógrafo, filólogo e político que tivera unha influencia decisiva na configuración do moderno nacionalismo galego. Para mín era evidente que, antes de editarse ese libro, a figura de **Antón Losada** quedaba esvaída no medio dunha deficiente e dispersa difusión da súa obra científica e literaria, e por eso sentín unha especial atracción por aquel intelectual, agora asequible, co que algúns galeguista históricos, e moi especialmente don **Manuel Beiras**, se empeñaban en compararme a cotío.

O propio **Luis Losada** abría aquela edición das obras de seu pai con un estudio intitulado "*As raíces, a Terra: formación e aprendizaxe da vida*"⁴, no que

4. Cfr.: **Losada Diéguez** (1985): *Obra completa*. Edición ó cuidado de **Justo G. Beramendi** Vigo, Xerais, pp. 31-56.

viña a analizar, con excelente pluma e obxectiva profundidade, as claves do pensamento e da cosmovisión do seu pai. E alí aprendín a idea de que a Terra é o mellor libro de historia que temos á nosa vista, onde se resume o paso da xente e das culturas, e onde van aniñando os valores e obxectivos que guían a laboura das sucesivas xeneracións.

E por eso quixen falarlle a vostedes da terra, da súa beleza e do seu orden, para manter este *Premio* que lembra a vida e obra de **Antón Losada** coa honra que merecen os investigadores e creadores hoxe premiados. Xa sei que non é este o sitio de resolver os enormes retos que a *Lección da Terra* plantexa. Tampouco quero instrumentar o pensamento dun autor tan fondo e complexo para facer unha crítica da realidade ou un programa de acción política e social baseado nuns presupostos que compre seguir analisando e estudiando. Pero sí pode ser este o intre e o lugar para lembrar os supostos cosmolóxicos nos que se baseou toda a obra de **Losada Diéguez**, e para reclamar que este Premio que os lembra sirva tamén para mantelos vivos.

Por eso coido especialmente acertada as decisións adoptadas este ano polo xurado encargado de fallar os Premios que hoxe entregamos ó investigador **Narciso de Gabriel** e ó literato **Xavier Rodríguez Baixeras**:

- Ó primeiro porque, seguindo a apreciación do propio xurado, deu a luz un traballo de investigación titulado *Escolantes e escolas de ferrado*, que “*enche un oco importante na historia da educación galega*”, suliñando -según engado eu mesmo- a íntima conexión que debe existir entre os procesos sociais e os sistemas educativos, para buscar os alicerces dunha socialización que non debe alonxarnos da nosa cultura, a nosa fala e a nosa historia.

- Ó segundo porque coa súa obra titulada *Eclipse*, e pedíndolle de novo as palabras ó xurado, fíxonos o regalo dunha “*prosa poética, con un ritmo moi ben conseguido, cunha lingua riquísima e suxerente e cunha mestura de imaxes nas que se parte da súa intimidade para referirse desde a perspectiva dun autor maduro e desenganado- á temática amorosa, o tema do paso do tempo e á lembranza de paisaxes por el vividas*”.

A mantenza deste premio non tería senso se, na lembranza da vida e da obra de quen lle deu o seu nome, non rematara felicitando con agarimo ós que hoxe queremos honrar:

- A **Xavier Rodríguez Baixeras** e a **Narciso de Gabriel** póllos seus merecidos galardóns, que teñen o seu fundamento en obras que, coma as de **Losada Diéguez**, percuran e espárense a boa *Lección da Terra*, do seu orden e do seu futuro. Ó Concello de Boborás, e ó seu alcalde **Cipriano Caamaño** por saber conservar o *Premio Antón Losada*, e por xestionalo dun xeito que agranda o seu prestixio e favorece a comprensión real da nosa Terra.

- Á xente de Moldes e Boborás por darlle calor e vida a un acto que encarna tódalas virtudes que alentan a creación deste premio, e que xunge de maneira exemplar tódalas visións da Terra que conflúen nesta complexa realidade social.
- A tódolos asistentes, autoridades, convidados, veciños emigrados e xentes das terras próximas, que souberon escoller onde pasar unha mañán de sábado posta ó servizo duns valores que entre todos temos que manter e transmitir.

4.- REMATAR CUNHA LEMBRANZA.

E xa para rematar quero decirlles por qué me sinto tan ligado a esta Casa de Moldes, a este *Premio Antón Losada*, e a esta terra na que vostedes viven, e por qué me sentín íntimamente preocupado cando o voso alcalde me fixo a honra de encomendarme o discurso deste acto. Porque foi a historia que, moi poucos anos despois daquela primeira visita ó Castro de Moldes, apenas tres, se mal non me lembro, voltei outra vez alí, na compañía do meu amigo **Luis**, para enterrallo a carón de seu pai. Morrera novo, en plena etapa de creación, e dunha maneira tan sorprendente que aínda non me dera tempo de acostumar-me á súa ausencia. E voltei a experimentar a fonda emoción que transmite a vista daquel cosmos, pequeno e universal á vez, que o meu amigo me ensinara e me fixera vivir coa mesma paixón que él poñía na lectura minuciosa da súa terra. E teño que confesarlles que sentín un enorme consolo de deixalo alí, na fermosa igrexa románica que enseño a o Castro, acochado pola mesma terra coa que adoitaba conversar.

Cando cheguei de volta a Santiago collín as *Obras Completas* de **Losada Diéguez**, e lin, paseniño, a adicatoria que aquel seu fillo **Luis** me deixara en herdanza. Dí exactamente así:

“Para ti, Xosé Luis Barreiro, que, sin sabelo, axudáchesme a creer en meu pai.

Coido que te lembrarás de que nunha carta que me remeseches de un galeguista que non coñezo, Manuel Beiras, decíache que lle recordabas a Antón Losada. E falo de esa axuda porque creo en máis de un dos teus plantexamentos sobre Galicia; e admiro sin servilismos as túas boas cualidades, que son moitas, mais, por sorte para os dous, penso que temos, tamén, un vasto campo de disentimentos.

De tódolos xeitos, nesta adicatoria vai a fonda aberta que nunca lle puden dar ó meu pai. (Luis Losada)”.

Por eso me sinto aquí na miña casa. E por eso lles agradezo na alma que me deran esta fermosa ocasión para voltar a ela.

AS CORES



**E
S
V
A
I
D
A
S**



DA NOSTALXIA





Onte, párvulos do 65, hoxe corentóns



Párvulos algo máis recentes: do 76



Os diferentes anos do ensino





Grupo de párvulos do 69, ¿Coñecen a mestra? ...



... a mesma ca no 73



Os moitos anos de parvulario con Dona Carme Cubela.





Calquera tempo pasado ...



... foi anterior.



O gaiteiro de Sorribas: de solteiro, mostacho, acordeón e farra...



... e de casado, na casa e afeitado.



Sempre hai algo que festexar en familia





Todos en parella:
enriba nenos, en baixo ... menos





¿Mulleres ou homes?:
Todos proceden na procesión.





Cando o *Cotelo* era navegable...



... e as romarías envexables.

Frei Martín Sarmiento e a Terra de Montes.

Carme Hermida Gulías

Instituto da Lingua Galega/Universidade de Santiago



1. Introducción.

Frei Martín Sarmiento, persoeiro a quen este ano 2002 a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras, é unha figura senlleira na cultura galega. Nunha etapa que na nosa historia é coñecida como Séculos Escuros, este frade bieito escribiu de Galicia e estudiou o seu idioma dun xeito descoñecido ata ese momento e cuns coñecementos que non se verían en ningunha outra persoa ata a segunda metade do século XX.

Só polos seus traballos en galego e sobre o galego xa sería este pontevedrés merecente das honras do seu país, pero tamén atesouraba moitos outros coñecementos (de botánica, de medicina, de biblioteconomía e arquivística, de xeografía, etc.) que fixeron del un dos homes máis admirados e respectados da súa época. Á súa cela do convento de San Martín de Madrid, da que poucas veces saía, acidían os máis coñecidos e relevantes personaxes madrileños, rei incluído, na busca do seu consello e do seu saber.

Con 50 anos Sarmiento viaxaba a Galicia e recupera para si os ecos dunha lingua e dunha terra que as circunstancias vitais lle obrigaran a esquecer. Se os seus traballos anteriores nada tiñan que ver co seu lugar de nacemento nin nada del dicían, a partir dese momento Galicia atopou o mellor valedor que nunca tivo: non houbo obra que escribira despois do 1745, data desa viaxe de reencontro, na que a terra galega non estivese presente.

Mesmo hoxe, con tódolos adiantos técnicos e mecánicos dos que dispomos para desprazarnos e tomarmos nota e coa nosa cultura do lecer que nos induce a desprazamentos de aprendizaxe, poucas persoas poderán dicir que coñecen cada recuncho deste vello país, aprecian a súa maneira de falar, observan os seus costumes e se fixan nos seus lugares do xeito en que o fixo o frade bieito. Un coñecemento que, para ben noso e dos nosos antecesoros e sucesores, non gardou para si, senón que puxo por escrito.

Un dos recunchos de Gaslicia que Sarmiento visitou e dos que fala nas súas obras é a comarca histórica da Terra de Montes, que para el non foi só un lugar polo que pasou, senón un dos berces dos seus antepasados.

2. Os ascendentes familiares de Sarmiento na Terra de Montes.

Frei Martín Sarmiento, nacido Pedro Joseph García Balboa, viu a luz en Vilafranca do Bierzo (León), onde o seu pai traballaba nas obras da Colexiata, o 9 de marzo do 1965. Poucos meses despois de nacer, o destino laboral do pai -que pasa de mestre de obra a correo maior- trae a familia a Pontevedra, onde se asentará definitivamente. A súa nai, Clara Balboa Sarmiento, procedía da casa de Perros, en Samos (Lugo), e o seu pai da casa das Raposeiras, en Cerdedo¹.

1. Os topónimos e palabras galegas que aparecen na obra de frei Martín adecuámolas á ortografía actual do galego, tanto para evita-la desorde ortográfica do propio autor, como para evitar confusións á hora de le-lo texto. Isto pode acontecer fundamentalmente co uso de g e j, que o autor usa no canto do actual x, sobre todo cando as palabras se atopan no interior de textos escritos en castelán.

Mi abuelo paterno, que conocí el año de 1700, y tendría el entonces creo más de 70, o cerca de 70 años; y yo solo tenía 5 años. Se llamaba Alonso García de Serage y Figueroa, nacido en Serage, y oriundo de Viascón, por el Figueroa, familia patrona de Viascón. Mi abuelo dicho pasó a casarse a Cerdedo, con María de Gosende, en la Casa das Raposeiras, en donde nazió y nazió mi padre. (Sarmiento 1754:86)

Aínda que a nacemento do pai entronca coa Terra de montes non parece probable que mantivese moita relación con ela. A documentación que coñecemos só nos permite afirmar que visitou a casa das Raposeiras dúas veces, no ano 1711, cando se dirixe a Madrid para ser ordenado, e no 1745. Tamén é probable que o coñecemento do seu avó, que data no ano 1700, se producise neste lugar.² Mesmo así, é bo coñecedor da liñaxe paterna, da que se mostra orgulloso polas actividades dun seu antepasado. Así o demostra cando indica que a casa natalicia do seu pai, é a casa soarenga do capitán Juan de Gosende, “mi tercer abuelo, que llevó las milicias [de Montes] a La Coruña, en tiempo de Drake” (Sarmiento 1754: 86).

No caderno da viaxe que realiza a Galicia no ano 1745 describe a casa de Raposeiras e os seus arredores, pinta o escudo do seu tataravó e dá indicacións das súas actividades:

La casa de la aldea das Raposeiras se compone de tres, y viejas, una grande en el medio y otras dos casas colaterales. Las del medio tiene una ventana en la sala, la cual mira en derechura a la iglesia de Cerdedo, casi al rumbo de noroeste. Dicha casa tiene casi al norte el monte das Porriñeiras. Por este monte y sus faldas pasa el río Lérez y por eso le llaman Porriñeiras; pero el ya viene de arriba del lugar de Lerze, y por eso se llama en lo antiguo río Lerce y Lerice y Lerz y Lérez. Baja como del norte al camino real de Pedre a Cerdedo.

La dicha casa grande tiene un corral con un grande arco de piedra sillería y en la clave este escudo antiguo.



2. As palabras do propio Sarmiento parecen contradicci-la afirmación de Rodríguez Fraiz (1972:30), segundo a cal viviu “en Cerdedo, sendo niño, con sus padres por temporadas”.

Este capitán Gosende, es Alonso de Gosende, capitán de las milicias de Montes, el cual las condujo a La Coruña, cuando vino sobre ella el Drake, y de allí trajo una imagen de Nuestra Señora del Rosario, y la colocó en una capilla de la iglesia de Cerdedo; la dotó, y trajo indulgencias de Roma. Este capitán Gosende y su mujer María Quinteiro, que otorgó su testamento en 1620, han sido padres de mi bisabuelo Alonso Gosende y mis terceros abuelos.³
(Sarmiento 1745: 159)

2.1 De viaxe pola Terra de Montes.

Frei Martín Sarmiento realizou catro viaxes de Pontevedra a Madrid. A primeira no ano 1710 cando se encamiña ó convento de San Martín da capital do Estado para toma-los hábitos. No 1725, despois dunha curta estada en Oviedo, visita Galicia antes de dirixirse de novo a Madrid. No 1745, despois de trasladarse dende Madrid a Valladolid para asistir ó Capítulo Xeral da Congregación, vén a Galicia, a onde chega en maio do 1745 e de onde sae en febreiro do 1745, para visita-la familia e para gaña-lo xubileo nese ano santo. O 7 de maio do 1754 regresa novamente a Galicia e dela sae o 27 de novembro de 1755 en dirección Madrid. De dúas desas visitas (a de 1745 e a de 1754) o autor deixou cadernos de anotacións que nos permiten coñecer cal foi o seu itinerario exacto.

En dúas desas viaxes non pasou pola Terra de Montes, na de 1725 -entra en Galicia por Ribadeo e continúa por Mondoñedo, Betanzos, A Coruña, Santiago ata Pontevedra, onde se detén, un tempo, para regresar a Madrid por Tui, Ourense e León- na de 1754 -entra en Galicia polo Cebreiro, pasando por Belesar, Oseira, a terra de Deza, a Estrada, Cuntis e Pontevedra e, despois, en dirección Madrid por Pontearreas, Salvaterra, Celanova, Bande, Xinzo, Castro Caldelas, Trives e a Ponte de Domingo Flórez.

Na viaxe de 1710, que constitúe a súa primeira saída de Galicia para Madrid, si visitou a Terra de Montes, pois indica que “cuando pasé a tomar el hábito, no fui de Pedre a Cerdedo ni pasé su puente. Caminé derecho a Limeres, su aldea, después pasé a otra su aldea, Cavenca; después vadeé el río do Seixo, que no tiene puente, y luego me metí en la casa del lugar das Raposeiras; y al caminar para Madrid salí pasando el puente Piñoa y, pasando a la vista de la iglesia de Cerdedo, caminé hacia Aceveiro” (Sarmiento 1745: 158). Segundo estas anotacións, pódese presumir que o autor pasou unha noite na casa das Raposeiras e a seguinte, aínda que tamén puido ser máis adiante, no mosteiro de Aciveiro, a onde chegaría por Folgoso e Dúas Igrexas.

En decembro do 1745, con motivo da súa segunda visita a Galicia dende que a abandonara para profesar, realiza o seu percorrido máis longo pola Terra de Montes. A pesar da súa extensión, paga a pena reproduci-las anotacións na súa integridade:

3. Segundo os datos que proporciona o ben documentado traballo de Rodríguez Fraiz (1972:10) tamén o pai de don Alonso de Gosende Quinteiro, don Juan de Gosende Rascado, foi capitán das milicias de Montes e participou na defensa da Coruña e de Santiago contra os ingleses nos anos 1585 e seguintes. Este feito debeu se-lo que provocou a confusión de Sarmiento, que no ano 1745 di correctamente que o seu tataravó foi Alonso Gosende, e no 1754 confunde este co seu cuarto avó, Juan de Gosende.

En dos de diciembre salí de Thenorio para Cerdedo. Rexidoiro, río. Viascón (Santiago), feligresía. Mallo. Quintáns. Castro. Cuesta de Viascón. San Jorge de Sacos, feligresía. Cutián. La iglesia, una legua. Fixó. Sacos (Santa María de), feligresía, media legua.

A la derecha, arroyo que baja a Léréz y se ve Cábado. Dorna. Monte Coirego, a la derecha. Pedre (San esteban). Monte de Aveleira. Río do Barco. Baja a Léréz y se ve iglesia y lugar de Pedre. Legua.

Bajé a ver el puente de Pedre, que está cerca. Es puente sin *cal*, muy antiguo, de tres ojos. Creo sería el camino de los romanos de Braga a Lugo. En el borde del puente hay letras, y en otra piedra, que cayó en el río, hay otras; pero supe después que las había y así no las vi. Volví después al mismo puente, y me enseñaron en el plano horizontal del borde oriental, las piedras que tenían letras; pero estaban las piedras tan llenas de moho (que llamaron en el país “gañada”) que sólo distinguí una M, una V y, creo, una R, y no más; tres o cuatro piedras del borde, que cayeron en el río, y aún se ven desde el puente al poniente, dicen tienen letras. Esas se leerán mejor pues no tendrían moho y dicen que en verano se podrán sacar con facilidad a tierra.

El puente, como dije, es de fina sillería cuadrada, pero sin señal de cal, y, creo, será romano. Tiene tres ojos circulares, el medio mayor.

Este puente es pasaje real, y preciso para pasar desde la provincia de Tui a Los Baños y a la Estrada, y distan del puente de tres a tres leguas y media. La dirección del camino hasta el puente, viniendo por la Corredoira, anejo de Carballedo, es de sur a norte.

En frente de la feligresería de Pedre está la de Murillas, cuyo anejo es San Isidro de Montes, río abajo, enfrente de Sacos; y pasado el puente está otro lugar de Morillas llamado Serrapio; y río Léréz arriba otra aldea suya llamada Bugarín.

De modo que al norte del río Léréz se hallan estos lugares: Léréz, Xeve, Fragas, Campos, Morillas, San Martín de Figueroa, Quireza, etc.


Desde Pedre, siguiendo Léréz arriba, a una legua está la feligresía de San Juan de Cerdedo. El río, sólo en este espacio, va llano por praderías. A media legua río arriba le entra a la derecha el río das Cervas, que pasé. A poco arriba, sobre el río grande, está la capilla de San Antonio. Después hace ángulo y confluencia el río Léréz, que baja hacia el norte, con otros dos ríos, en uno ya, que viene de hacia Cerdedo.

Después está el puente de Cerdedo de piedra buena, por el cual pasan unidos los dos dichos ríos antes de unirse al río Léréz. Pasé por Cerdedo; después pasé el río y puente Piñoa y llegué a la aldea das Raposeiras y hay una legua de Pedre.

Esta aldea de Cerdedo, Raposeiras, está cerca de la confluencia de los dos ríos que pasan por el puente Cerdedo. El uno, que viene de Seixo y de Caroi, no tiene puente, el otro es el de la puente Piñoa.

La casa grande de Las Raposeiras mira de ventana en derechura a la iglesia de Cerdedo al noroeste, y dicha ventana es surleste de la dicha casa o ventana. Mirando desde la ventana, el río que corre a la izquierda del que mira es el Piñoa, y el que corre a la derecha es el río do Seixo o de Caroi, aldea de Cerdedo, y después van juntos en el puente de piedra. El de Piñoa dicen viene de Pesqueira y Pardesoa y el Léréz de hacia Aceveiro.

Cuando pasé a tomar el hábito, no fui de pedre a Cerdedo ni pasé su puente. Caminé derecho a Limeres, su aldea, después pasé a otra su aldea, Cavenca; después vadeé el río do Seixo, que no tiene puente, y luego me metí en la casa del lugar das Raposeiras; y al caminar para Madrid salí pasando el puente Piñoa y, pasando a la vista de la iglesia de Cerdedo, caminé hacia Aceveiro. En este viaje de ahora rodeé al puente Piñoa, porque no se podía vadear el río do Seixo.



El río Lerez, hacia San Jorge de Sacos, tiene una catarata; díjome una, que había merendado en seco debajo de ella, y que hace un gran salto. El río das Cervas no tiene otro nombre (...)

El día 5 de diciembre, domingo por la tarde, después de haberme detenido viernes y sábado en Raposeiras, lugar de Cerdedo, y de haber oído misa en la nueva ermita de Nuestra Señora de Loreto, que está en el mismo lugar de Raposeiras o Meillide, salí sólo para Sotelo de Montes. Dista Sotelo una legua de Raposeiras pero yo anduve dos leguas, rodeando y subiendo al monte de Seixo, de camino, con el fin de registrar de la más alto rías de Pontevedra, Vigo, Padrón, Noya, etc., Si lo permitiese el sol. No lo permitió a causa de nieblas y borrascas alternadas. El camino que hice es el siguiente:

De Raposeiras a Meillide. Ermita de Loreto. Vive el clérigo don Pedro de Lorenzo que la hizo y dotó, habiendo estado 22 años en Roma, y por devoción a Loreto.⁴

4. Segundo Rodríguez Fraiz (1972:18) este Pedro de Lorenzo era irmán da bisavoa de Sarmiento. Non parece probable que isto fose así porque a súa bisavoa casara no 1595 e o crego don Pedro morreu pouco despois de dictar testamento, no 1746 (Rodríguez Fraiz 1972:41). Independentemente do seu grao de parentesco, este existiu.

Principio de la subida al Seixo. Porto de Cobaladróns, arroyo. Portela da Moreira. Peña Cabaleirada, una sobre otra. Porto da Mo. Y a la izquierda la Gaiosa. Rabordelo. Outeiro branco. También hay en el Seixo el Outeiro Salumbreiro. As Laceiras. A Laxe Longa. Porto Xestido Pequeño. Campo dos Teixugos. Coto do Toucedo. Outeiro da Cama. A Laxe do Mosqueiro. Es muy alto, se junta el ganado cara al poniente a recibir el aire de mar. Outeiro Salumbreiro. O Chao do Tendal.

A la derecha quedan: As pozas de Xestido Grande, en donde nace el río do Seixo, que baja a Raposeiras. La falda do Outeiro do Coto, que es el mas alto. Principio do Bioco. Cuesta o bajada a Presqueira. Santa Mariña de Presqueira, una legua. Afosín, aldea de Presqueira, que ya está muy abajo del Seixo. Río Piño. Paséle. Nace muy cerca del río do Seixo, este, arriba, en el Xestido, y el Piño, abajo en Pesqueira y Presqueira; y los dos se unen junto a Cerdedo. Pardesoa feligresía.

Río Bitiriz, viene de Pardesoa y se junta al Piño. Río de San Marcos, a la izquierda, y se junta con el Piño que va a la Ponte Apiñoa. Sixto, aldea de Pardesoa. San Marcos. Sotelo de Montes. Otra legua. Noche.

El lunes 6 salí de Sotelo al puente San Clodio, cinco leguas. Portela de Lamas (de Pardesoa). Antas, aldea de Lebosán. A poco están dos marcos, que dividen los obispados de Santiago, Orense y Lugo. San Sadornio, aldea de Moreiras, y es el primer lugar del obispado de Orense. Alto de Paraño, una legua.

A la derecha hay una profundidad inmensa, y allí el lugar Becoña, aldea de Moreiras, y por allí va el camino por la costa de Fenteira, y a la izquierda el de portopereira. Cuesta y bajada del Paraño. Paraño, aldea de Moreiras. Moreiras, lugar y feligresía, legua. A la izquierda Xendive, feligresía. Conchouso. Ponte Abroés, río Broés, feligresía. Hay puente antigua, como el de Pedre, y, así como ella, tiene al entrar a la derecha letras sobre la faz horizontal de las piedras del borde, y por estar llenas de musgo no se pueden leer.

A la izquierda, pasado el río, está Xovencos. Abobrás, aldea de Xovencos, legua, mediodía ... (Sarmiento 1745: 156-163)

3. As pegadas de Terra de Montes nas obras de Sarmiento.

Ainda que Sarmiento tiña coñecementos enciclopédicos que lle permitías falar con autoridade de diversos temas, como demostran os traballos que lle encargaron distintas personalidades sobre temas tan diversos como os adornos do Palacio Real de Madrid, as recomendacións para facer unha biblioteca selecta de obras, o sistema para realizar unha descrición xeográfica de España, etc., os dous asuntos que suscitaron máis vivamente a súa curiosidade intelectual foron a etimoloxía, o descubrimento da orixe das palabras, e a historia natural, especialmente en todo o relativo á botánica, estudio e coñecemento das plantas. Moitas das súas obras teñen orixe nestas dúas afeccións que logrou combinar perfectamente facendo a etimoloxía dos nomes dos vexetais, e tamén dos topónimos.

Sarmiento sabía que para investiga-la orixe dos nomes non abundaba con copias dun manuscrito, era necesario coñecer-las cousas que designan e recollelos tal e como as persoas os pronuncian, por iso cando viaxou por Galicia nos anos 45 e 54

viña acompañado duns cadernos para facer anotacións. Pódese afirmar, daquela, que as súas viaxes tiñan, alomenos dúas finalidades, a de visita-la familia e a de recollida de documentación para posteriores traballos. De feito, os seus escritos en galego e sobre o galego, caso da *Colección de voces y frases gallegas en 1.200 coplas ... con su glosario o comentario*, do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, do *estudio Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la Paleografía Española*, dos *Elementos etimológicos según el método de Euclides*, da *Obra de seiscientos sesenta pliegos etc.*, xurdiron despois das visitas a Galicia, que lle proporcionaron o material de estudio, ademais de servírenlle para recupera-la lingua da súa nenez e da súa adolescencia.

En gran parte das obras redactadas por Sarmiento despois do 1754 hai referencias á Terra de Montes e ás palabras que nela recolleu. Aínda que as pescudas non resultaron doadas pola pouca sistematicidade das propias obras, preséntase de seguido un agrupamento das distintas alusións que o autor fixo a esta comarca ou a algún dos seus lugares. Estas danse, fundamentalmente, nas partes dos cadernos de viaxes que non recollen o itinerario propiamente dito, no *Catálogo de palabras y frases de la lengua gallega* (1755), no *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables* (1758) e no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1762) e fan referencia á poboación da xurisdicción de Montes, a nomes de plantas, a outro léxico e a topónimos.⁵

3.1. Nomes de plantas.

Os nomes de plantas recólleos Sarmiento durante as viaxes de 1745 e de 1754. Os recompilados no 45 aparecen dúas veces, unha ó final dos percorridos do diario da viaxe (Sarmiento 1745) e outra no inicio -as 500 primeiras fichas- da obra *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables* (Sarmiento 1758), que rematou de redactar no ano 1758.

Ó final do treito entre Tenorio e Cerdedo, realizado o 2 de decembro do 1745, Frei Martín anota un total de 29 nomes de plantas, propios da Terra de Montes.⁶ Con poucas variacións, eses nomes pasan á obra *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*.⁷ Para que se poidan observa-las semellanzas -mantemento dos nomes e das orixes- e as diferencias -eliminación de descrições e de propiedades e distinta colocación, fundamentalmente- preséntanse en columnas os dous textos:

5. Estas referencias buscáronse por toda a obra de Sarmiento publicada ata este momento. Debido ó gran número de textos que aínda seguen inéditos, de seguro que aquí non aparecen tódalas mencións que o autor fixo á Terra de Montes. Apublicación das obras completas, labor que vai inicia-lo Consello da Cultura Galega, servirá para completar no futuro esas alusións.

6. Aínda que, como sinalan os estudos da historia natural, a taxonomía empregada por Sarmiento non se corresponde coa actual, nin tan sequera coa que na Europa do seu momento tiña máis prestixio, é doado rastrexar-las plantas das que fala en estudos actuais. Na obra divulgativa de García (1991) é posible atopar moitas delas.

7. Estes mesmos nomes de plantas vólveos incluír, e por dúas veces, no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (Sarmiento 1755: 342-343 e 500-501), con pequenas variacións sen importancia.

Sarmiento 1745: 159-162

Mezquita. Llaman así en Cerdedo al brusco o *Xilbardeira*, y este nombre le pronuncian *Xenxibarbeira*.

Maiorana. Planta. La vi en Thenorio.

Cavecos (o cañotos) son los *cádabos*, con la distinción que a la parte superior llaman guizos para alumbrar y a los troncos cabecos.

Piornas. Llaman así a los *piornos*. Unos y otros tienen las hojas de dos en dos, salvo que son más largas que las de la *xesta*.

Xesta. Hay dos géneros una *molar* y *mansa*, y es la que apenas tiene hoja, y esa muy pequeña, de dos en dos. Otra *brava* y *negral*, cuyo tallo es anguloso, y tiene tres hojitas como el *codeso*, salvo, que el *codeso* es de madera muy blanca.

Herba de San Pedro. Llaman así a la que en Bergondo llamaron *albichorno*, y hoy llaman en Noya *alvitorno*. Es angulosa, sus hojas muy verdinegras, de la figura de las de la ortiga, más grandes, y echa unos granitos como calabacitas muy menudas. Las hojas son buenas para madurar diviesos.

Herba tioria. Llaman así en Cerdedo a una especie de tomillo silvestre que huele mucho, y nace en el monte do Seixo. Lo mismo oí que llamaban y llamaron *herba tioura* en Meira, junto a Cangas, y señalaron tomillo silvestre. Úsanle las mujeres para sus pechos, cuando se les cuaja la leche.

Casimo. Llaman así al calcemo.

Ourogo. Es el orégano. Sus hojas con miel y manteca, amirables para curar el catarro sudando.

Herba do aire. Llaman también así, y tiene el mismo uso en Cerdedo, a la nenúfar o *nymphaea*. Es la colocasia.

Cardén. Llaman así al carvén y usan de su raíz para la sarna.

Sarmiento 1758: 70-71

217. Mezquita. Llaman así en Montes al brusco y también *xenxibarbeira* por *xilbardeira*.⁸

218. Mairana. Vila en tiesto.

219. Cavecos, cañotos, cádabos. Son los palos para alumbrar; pero los remates llaman *guizos* (por lo agudo acaso) y los troncos *cabecos*. Acaso de *caudices*.

220. Piornas. *Piornos* con dos hojas, de dos en dos, pero más largas que las de la *xesta*.

221. Xesta molar y mansa. Con hojitas muy pequeñas.

222. Xesta brava y negral. Es trifolio como el *codeso*, salvo que el *codeso* es de madera muy blanca y esta *xesta* tiene el tallo anguloso.

225. Herba de San Pedro, la llaman albichorno y en Noya *albitorno*. Es angulosa, sus hojas negras, como de ortigas más grandes, y echa unas calabacitas o granos para diviesos.

226. Herba tioria. Especie de tomillo silvestre que nace en el monte do Seixo. Contra la leche cuajada en los pechos.

223. Cásimo. Es el calzemo o calzamo.

224. Ourogo. Es el orégano. Bergondo.

227. Herba do aire. La *nimphaea*. Y aquí el mismo uso.

228. Cardén. Es el carbén. Su raíz para la sarna. *Romaza, labaza*, gallego.

8. Antes da indicación das fichas de plantas o texto leva o título SALÍ DE PONTEVEDRAS PARAMADRID A 29 DE ENERO DE 1746 Y VINE POR SOTELO DE MONTES.

Herba papeira. Vila. Sus hojas son grandísimas y algo parecidas a las rabizas. Echa un grande nabo como el de las cañas. El pétalo de las hojas anguloso. No la come el ganado. De el medio se eleva una vara alta y hueca como caña y echa arriba unas flores como azucenas brancazas. Sospecho que es la hierba con que el viejo de Lérez cura los lamparones, pues hai mucha en sus heredades en la Fontaiña de Lérez y remitió a Pontevedra un pedazo de nabo. Llámase el viejo Benito Taboada. No creo que es esta, sino la nueza, con cuyo nabo cura, y tiene gavilanes, y hojas de viña.

Bombarón. Vila en Cerdedo, y crece casi como la madreSelva, echa unos granitos colorados como ella, pero menos. Son de verde limón y de esta figura (o orixinal contén unha ilustración). Sus hojas, machacadas con ruda y artemisa, y hechos con ella, y unos huevos, unos bollos y comidos, curan algunas enfermedades, y en especial, de los riñones, haciendo con los hombres lo que la hierba *moura* o *beladona* con las mujeres.

Herba das bagas. Llamaron así algunos en Cerdedo a la *herba moura*.

MadreSelva. Oí que en Noya llaman *sugamés* (acaso sugamieles) porque las abejas la chupan. Vila: echa granitos colorados. Sus hojas, cocidas con agua, son admirables para limpiar y curar llagas, aunque sean inveteradas.

Sanguiño. Vile y también echa granos colorados.

Fruno. En Cerdedo y en Pontevedra *fundo*, *fundiño* (y talvez *funguiño*). Vila. Son como mimbres y con hojas como de arrayán. Son muy correosos. Cuando echa la flor huele bien. También echa granitos colorados como el brusco (no es así ni lo echa). Búscase para bendecirlo con otros ramos el día de Ramos, porque se cree que

229 Herba papeira. Con hoja de *rabizas* grandes; no la come el ganado. Echa un nabo como las cañas y encima unas como azucenas blancas.

230. Bonvarón. Crece como madreSelva. Echa granitos colorados, pero menores. Sus hojas de verde limón así (o orixinal contén unha ilustración). Remedio para los riñones. Acaso será la zarzaparrilla, que en Pontevedra llaman *mexacán*, y es la *smilax áspera*.

231. Herba das bagas. Es la *herba moura*. (*Solanum*).

232 MadreSelva. En Noya *sugamés*, acaso sugamieles, porque la chupan las abejas.

233. Sanguiño. Vile también. Echa granos colorados.

234. Frundo, fundo, frundiño y tal vez *funguiños*. Es como mimbres, con hojas como arrayán; huele bien cuando florece. Echa granitos colorados como el brusco. Búscase con ansia para el día de Ramos, porque se cree que con estas varas azotaron a Cristo.

Son estas varas o casi junquillos azotaron a Cristo.

Seixebra. También llaman así en Cerdedo a la que en Mourente llamaron *seixabra* y se usa con eficacia contra las lombrices.

Herba da braña. Lllaman así al eléboro negro (o cebadilla) y oí que en Santiago llaman *hebro*.

Mestruzo. Lllaman así al mastuerzo, *nasturtium*. Mudada la N en M. *Masturzio, mesturcio, mestrucio*.

Herba da escurripa. Oí en Cerdedo, a uno que la había tomado teniendo tercianas, y ya hace 22 años, y que se le quitaron y no volvieron más. Diéronsela en la Corredoira de Carballedo, y con el mismo nombre de *escurripa*.

Magarza. Muy parecida a la manzanilla, botón amarillo y flores blancas, pero grandes.

Bretoña. Lllaman así en Cerdedo a la betónica. Vila. Verdenegra, hoja áspera, ovalada y recortada.

Brido, bidro, bido y bidueiro. Lllaman así en Cerdedo a la *Betula*, bidulo, abedul, etc., todo es una voz.

Tallamerendas. Lllaman así en Cerdedo a aquellos narcisos o jacintos bulbosos que en Castrove llamaron *bugallo* y en Cedofeita *nocellas o quitamerendas*. Hay muchas en el Seixo, y porque salen en septiembre, cuando ya no se dan meriendas a los oficiales, por eso tienen el nombre, como si dijesen, *tolle-merendas*. En Caldas llaman merendiñas.

Cantroxo. Lllaman así al cantueso y le hay.

Panqueixo (panquesito). Flor blanca y en el medio bermejo. Son las primeras flores que vienen, son bonitas, y hojas como cantueso (acaso *primula veris*).

Martelos. Lllaman así en Cerdedo a aquel género de `espuelas de caballero amarillas´ que vi en Tambo, Marín, Xustáns, etc. y se llaman *martelos* porque representan pico o martillo.

Bugallón. Conócese así.

235. Seixebra. La misma que en Pontevedra.

244. Herba da braña. El eléboro negro, y en Santiago llaman *hebro*.

245. Mesturzo y mestruzo. Es masturzo, de *nasturcium*.

246. Herba da escurripa. La herba das tercianas. Creo es la centaura menor. No es.

241. Magarza. Botón amarillo y florecitas blancas.

240. Bretoña. La betónica, y la hay.

243. Bidro, bido, brido y bidueiro. Es la betula, *bido*.

237. Tallamerendas. Es *sisyrinchio*. En Caldas *merendiñas* por *tollemerendas*.

239. Cantroxoxo. El cantueso, y le hay.

238. Panqueixo (el panquesito). Las primeras flores que vienen; acaso *primula veris*, hojas de cantueso.

242. Martelos. La *linaria* con flores de espuela de caballero amarillas, que vi en el Tambo. Dichos así por el pico de martillos. Los hay aquí.

236. Bugallón. La misma que en Pontevedra.

No *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables* (Sarmiento 1758) aparecen moitas outras referencias á Terra de Montes, ben por repetición da planta que recollera na viaxe de 1745, ben por engadido dunha nova planta.

As repeticións do nome e da localización das plantas citadas con anterioridade xustificáanse porque descubriu algunha característica nova dese vexetal ou porque ese nome lle foi repetido noutro momento. Así acontece, por exemplo, con tres novos artigos sobre *bombarón*, un sobre *frundo* e un sobre *tallamerendas*, que nomea equivocadamente como *tolemerendas*:

Bombaron. A 26 de agosto de 54 vi y cogí una planta enredadera en el muro que está al oriente de la fuente de la Fontañña de Lérez, y habiéndola enseñado a unos de Lérez, y a una de Montes concordaron en *bombaron*. (Sarmiento 1758: 129)

Bombaron. (...) Díjome la mujer de Montes que salí a buscar esta planta *bombarón* para su padre, que tenía la enfermedad del *madrón*, que era estar enfermo de los riñones; que freía las hojas, que de ellas hacía pelotillas y que las comía al tiempo de acostarse. Acaso por eso se diría *bombaron*. (Sarmiento 1758: 130)

Bombaron. (...) El año 745 vi en el lugar de Cerdedo de Montes esta planta de la Fontañña de Lérez, y con el mismo nombre, a primero de diciembre, y echa granitos colorados, menores que los de la madre selva. Buena para los riñones. No es la *smilax aspera* ni la *levis* ... (Sarmiento 1758: 130)

Frundo, fruncio, fundo y frundiño en Montes, y en Pontevedra *fungo* y *funguiño* (vide 234). Nace en lugares húmedos. Es especie de mimbre flexible que, dicen, huele muy bien, y que se cree que con él azotaron a Cristo; y así se busca para bendecir, el día de Ramos; y hojitas como de arrayán. Por día de Ramos no tiene hojas, pero sí por diciembre. En allariz *fuste*. Vide nº 1298. Acaso será la misma planta que Bauhino pone, libro VIII, capit. 23, páx. 224, como especie de sauce o mimbre con el nombre de *gale frutex odoratus septemtrionalium oleagnus*, y según Dodoneo *chameleagnus* y *mirthus* Brabantia, y que se pone entre la ropa para su olor y que sus flores suplen por el lúpulo para la cerveza. Acaso *frundo de fronde* y *fruncio de frutice*. Y *fungo* y *funguiño* del verbo *fungar*; oler, si no es corrupción de *frundo*. (Sarmiento 1758: 130).

Tolemerendas (...) También el año 745 las vi en lo alto del Castelo de Cedofeita y en el del castro de Mourente y en el del Seixo, y creo son comunes en Castilla con el mismo nombre (*tolemerendas* en el Seixo) (Sarmiento 1758: 151).⁹

9. De acordo coa taxonomía empregada por García (1991) o *bombarón* é a *Solanum dulcamara*, tamén chamada *mexacán* e *escornacabras*; o *frundo* é a *Myrica gale*, e a *tollemerendas* a *Merendera montana*.

Algo similar acontece coa planta *mezquita*, á que alude novamente, aínda que situándoo nun impreciso 'hacia Sotelo de Montes', no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (Sarmiento 1755: 491) para intentar explica-lo topónimo Mezquita de Ourense e desposuílo das súas resonancias árabes:¹⁰

Independentemente da súa relación afectiva e persoal, os datos de Sarmiento sobre a Terra de Montes convértese nunha valiosa fonte de información para os estudos históricos. Gracias a eles sabemos, por exemplo, que xa naquela época polo Seixo pacía o gando libre, que probablemente por Pedre pasase un ramal do Camiño Portugués a Santiago de Compostela, os nomes das parroquias que conformaban esta Terra e cantos eran os seus veciños. Tamén poden servi-los seus datos para data-la

antigüidade dalgún dos nosos lugares pois é significativo que no camiño do Seixo a Soutelo, pase por Pardesoa, o Sixto e o Samarco, pero que non nomee Pousada ou Fixó; ou que entre Soutelo e a Ponte San Clodio, que cite Portela de Lamas e as Antas, pero que non fale da Ermida.

En definitiva, Sarmiento, unha das personalidades máis relevantes do século XVIII na Península Ibérica, tiña as súas raíces na Terra de Montes, razón que xa abondaría para que aquí fose homenaxeado e se gardase a súa lembranza. O cadro que el pintou desta terra, primeiro na viaxe do 1745, e despois noutras obras, permite que a sociedade actual teña unha visión, aínda que imperfecta, da súa realidade xeográfica, poboacional, lingüística, etnográfica e natural. A ela lle corresponde agora perpetuar a súa memoria, agradece-lo seu traballo e empregalo para fomenta-lo seu desenvolvemento.

5. Bibliografía.

Barreiro Fernández, X. R. (1981): *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*. Vigo: Galaxia

Castro, M. / Freire, L. / Prunell, A. (1990): *Guía das árbores de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.

García, X.R. (1991): *Guía das plantas con flores de Galicia. I e II*. Vigo: Edicións Xerais.

GDXL (2000) = Carballeira, X. M. (Coord): *Gran diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais.

Pensado, J. L. (1974): “Sarmiento, Fray Martín”, en *Gran Enciclopedia Gallega*. Xixón: Silverio Cañada, ed. 82-84.

Río Barja, F. X. (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Fraiz, A. (1972): “Los ascendientes del padre Martín Sarmiento en Cerdedo”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, 7-43.

Rozados, F. (2000) *Terra de montes*. León: Everest.

Sarmiento, F. Martín (1745): *Viaje a Galicia*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidade. 1975.

Sarmiento, F. Martín (1754) : Pensado, J. L. (Ed.): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754*. Salamanca: Lectorado Galego. 1973

Sarmiento, F. Martín (1755): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición e estudio por J. L. Pensado: Salamanca. 1973.

Sarmiento, F. Martín (1758): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición e estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidade. 1986.

Sarmiento, F. Martín (1762): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. I e II. Edición e estudio por J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1998.

Sarmiento, F. Martín (1766): *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Edición y estudio por J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1998.

Sarmiento, F. Martín (1770): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidade. 1970.

A CULTURA CASTREXA. O CASO DE FORCAREI.

Manuel Reboredo Tajes




O topónimo castro e derivados son moi frecuentes na nosa xeografía. O máis normal é que faga referencia a un monte ou cumio, aínda que non sempre é así.

Arqueolóxicamente, un castro é unha estrutura de forma máis ou menos circular composto de diversos elementos defensivos, que destaca na paisaxe. Construídos en lugares elevados toman relevancia no seu entorno, xa sexa en zonas de val, montañas ou costa. Hai que entende-lo castro como un lugar onde viviu xente, onde se desenvolveron as súas actividades cotiás, do mesmo xeito que facemos nós hoxe nos nosos lugares de residencia.

Esta cultura ten a súa área máis importante en Galicia, onde supera os tres mil cincocentos xacementos, aínda que tamén se expande por outras zonas do noroccidente peninsular. Abranguería, o que na súa época foron os antigos conventos xurídicos de época romana, o convento Bracarense e o convento Lucense.

A cronoloxía deste mundo vai do fin da Idade do Bronce (ss. VIII-VII a:C.) ata a época romana (s.IV d.C.). Na fase final da cultura castrexa chégase ó seu máximo desenvolvemento, coa introducción do urbanismo ó xeito romano (ex.: San Cibrao de Lás). Os castros romanízanse e íranse logo abandonando paseniñamente. (ex.: Viladonga ata o s. IV d.C.).



O Castro de Loureiro (sinalado cunha frecha branca) e a súa situación respecto á vila de Forcarei

Só imos explicar os elementos defensivos e urbanísticos. No que atingue ós elementos defensivos o máis importante é o seu emprazamento, canto máis escarpado sexa mellor, así abondaría coas defensas naturais. Pero, o máis normal é que se constrúan elementos defensivos, que caracterizan a estes poboados. Estes serían os seguintes:

- En primeiro lugar, temos os foxos, que son zanzas de grandes dimensións que rodean o xacemento ou están nos espazos existentes entre os corpos das murallas.
- Logo están os terrapléns ou parapetos feitos co material extraído dos foxos.
- As pedras fincadas son chantóns pétreos espetados no chan, colocados diante dos foxos e parapetos. (Só se usan nos límites orientais desta cultura).
- As murallas son o principal elemento defensivo: nun principio constaban dunha base de pedras cun amoreamento de terra e entullos, enriba do cal ía unha empalizada de madeira; logo, co paso do tempo, e máis coa romanización ergueranse sobre todo con pedras. Tiñan escaleiras para acceder á súa parte superior.
- Os antecastros, non se dan en todos os hábitats castrexos. Son espazos que ocupan a zona que está diante da croa e por detrás de foxos e terrapléns. Pode haber máis de un no mesmo castro. Unha das súas funcións sería para gardar o gando do poboado.
- A croa é a parte principal e central dun castro e tamén a máis elevada. Está pechada por un corpo de muralla. Aquí é onde se empezan a erguer as vivendas, cando se satura constrúen noutras áreas do castro, ocupando o antecastro ou ampliando a zona intramuros.

Dende o punto de vista urbanístico debemos ter en consideración varios aspectos, que se citan a continuación dun xeito sucinto:

- Os accesos: soen estar reforzados mediante terrapléns ou foxos, colocados ás beiras ou fronte á entrada, en forma de zig-zags ou labirintos. Cando hai entradas a través das murallas, aparecen torreóns ós lados; son estreitas e tiñan portas con trancas, escaleiras ou ramplas.

As vivendas: as máis antigas eran circulares, levantadas a base de elementos vexetais e das que se conservan os ocos dos postes de madeira; logo pasaron a ser de pedra, aínda que conservan a forma circular. Coa romanización hai trocos, agora aparecen casas de planta cadrada ou rectangular con esquinas arredondadas. Tamén aparecerán os patios anexos á zona de entrada das vivendas (ex.: Santa Trega) nos que aparecen fornos ou grandes recipientes de barro para almacenar produtos. Tiñan unha lareira e o teito vexetal reforzado debido ás inclemencias do tempo. Hai que dicir que perto das vivendas había outras dependencias con diversas funcións.



Coto do Castro en Filloi (Pereira)

- Os barrios: confórmanos varias vivendas cos seus anexos, sepáranse por rúas enlousadas; nas fases máis avanzadas tiñan melloras como podían ser as canalizacións das augas de choiva para evitar os asulagamentos.
- Outros elementos importantes eran as fontes e mananciais ou os alxibes para o abastecemento de auga
- Tamén nalgún xacemento de importancia aparecen os baños que tiñan unha función de balneario.
- No Concello de Forcarei hai un total de nove castros catalogados:
 - Castro da Mouteira (Millerada).
 - Castro de Garellas/ Castro de Rodeiras (Millerada).
 - Castro de Filloi/ Coto do Castro (Pereira).
 - Castro de A Mota (Castrelo).
 - Castro de Montes/ Castro de Presqueiras (Presqueiras).
 - Castro de Sanguñedo/ Coto do Castro (Madanela).
 - Castro de Muras/ Curuto do Castro (Pereira).
 - Castro de Loureiro (Dúas Igrexas).
 - Castro de As Mouteiras (Pardesoia).

En canto ó seu emprazamento, catro están nun outeiro (ex.: Loureiro), tres en ladeira (ex.: A Mota) e dous nunha dorsal (ex.: Garellas). No que atingue á súa tipoloxía hai que dicir que a planta máis frecuente dos castros de Forcarei é o de recinto único elíptico con terrapléns situados perto dun río e con unha chaira dunha superficie apreciable rodeándoo. Todo isto indica que preferían ubicacións facilmente defendibles.

Aínda que abundan os de recinto único (Sanguñedo ou As Mouteiras), hainos cun antecastro claramente definido (Garellas ou Filloi). Na miña opinión, no caso de algún día acometer unha intervención sistemática un dos máis interesantes é o de Loureiro, este destaca polo seu recinto amurallado cun complexo sistema defensivo de foxo-parapeto-foxo.

O seu foxo oscila entre os 13´5 m. (Oeste) e os 5-6 m. (Leste), aínda que cara o S. non se aprecia. Está rodeado por dous cursos fluviais e conserva parte dunha escaleira de acceso ó río na súa parte meridional. Parece ser que puido ter dúas portas case afrontadas.

Un problema que presenta o noso patrimonio arqueolóxico son as alteracións posteriores, das que non escapa ningún dos castros de Forcarei. Os motivos son variados: cultivos, actividade extractiva, edificacións, pistas, etc. Aínda así o nivel de conservación das estruturas principais é relativamente aceptable para saber cando menos uns rasgos xerais, malia que nalgún o deterioro é evidente.

Non podemos precisar a súa cronoloxía porque non houbo intervencións arqueolóxicas nin case non temos algún anaco cerámico aparecido en superficie, co gallo diso non debemos aventurarnos en falar con amplitude de ningún deles. Este comentario vale para o total de cincuenta e nove xacementos arqueolóxicos catalogados en Forcarei. Isto pasa en case toda Galicia, hai moitos pero moi poucos están escavados.

Podemos afirmar que coa cultura castrexa o aumento demográfico da zona do val do Lérez consolidábase. En toda a bacía do río Lérez contabilízanse case trinta castros, dos que sómotes está escavado parcialmente o de Penalba (Campo Lameiro), datado no s.VI a.C. Nesta época de transición entre a Idade do Bronce e a Idade do Ferro, constátase unha relación co N. de Portugal na tipoloxía de materiais aparecidos.

No eido do folclore consérvanse numerosas lendas en case todos os castros que, na súa maioría, fan referencia ós tesouros e ós mouros. Só vou citar tres: a da “Loureiriña”, unha fermosa ninfa loira que baixou do castro de Loureiro (Dúas Igrexas) para irse contemplar nas cristalinas augas do Lérez ó seu paso pola Ponte do Crego, outra do castro de Garellas (Millerada) que di que había un túnel que ía ata o castro de Sanguñedo e, por último, outra do castro de Loureiro que aseguraba que este castro estaba cuberto por unha bóveda ou teitume en tempos máis remotos.

Para rematar dicirlles que cando visiten un xacemento arqueolóxico castrexo, teñan coidado e precaución, pois decátense que acadan, nunha meirande parte dos casos entre 2.000-2.500 anos de antigüidade, cando se agrede ou destrúe algo non hai volta atrás. Teñan en conta que son un patrimonio do pasado que debemos conservar de cara ó futuro.

San Xurxo de Sacos 25 de xuño de 2002.

Asdo.: Manuel Reboredo Tajés.

CRUCEIROS, CRUCES, PETOS E MONUMENTOS FUNERARIOS NO CONCELLO DE FORCAREI

Francisco Rozados “Rochi”



É verdadeiramente socorrido o pensamento de que os galegos consideramos terra allea aquela na que non dexergamos ningún cruceiro. Digamos que o cruceiro trascende o ámbito dos elementos etnográficos e dos símbolos para chegar a ser, ademais deso, case mobiliario aldeán. Ou sen case, porque moitos dos cruceiros que neste traballo veremos foron mudados de emprazamento, e algúns mesmo máis dunha vez. Os cruceiros forman tan parte material da nosa cultura e identidade histórica coma a Santa Compañía parte espiritual, e resultan tan fermosamente tópicos no noso contorno coma o carballo ou o castiñeiro nas nosas fragas.

Coma en toda Galicia, os nosos cruceiros serviron en tempos para nutrir toda caste de tradicións máis ou menos relixiosas, acompañadas ás veces por certas insercións rancias e superviventes de tradicións que máis tiñan que ver coa paganía. Persoas ofrecidas ó Santo Cristo da Agonía de Meavía daban voltas de xeonllos en torno á igrexa e cruceiro, e hai quen apunta: “... *tamén a xente endiañada*”. Moitos adoitaban ser adobiados con flores (aquí temos xa unha clara pervivencia pagá, a dos cultos naturalistas e fillos tanto da tradición druídica coma da grecorromana).

Existen mil detalles curiosos en torno a eles. Algúns, coma o de Quintelas de Riba, na parroquia de Dúas Igrexas, posuían un peto de pedra nun oco entre as pedras da base, hoxe perdido, onde os veciños metían cartos que axudaría despois a financiar a festa do lugar. Outros casan as lendas coas propias dos castros, coma no caso do de Soutelo, onde se cría que baixo o cruceiro e subindo pola rúa de Santo Domingo, había unha trabe de ouro e outra de alcatrán. Se se buscaba a de ouro, corríase o risco de atopar a de alcatrán, que queimaría a vila, lenda que tamén se atribúe ó castro de Loureiro, en Dúas Igrexas e á súa *doncela*, a Loureiriña. Garda, ademais, este cruceiro unha forte relación estilística e formal co de San Marcos, da lindeira freguesía de Pardesoapósiblemente fosen os dous obra do mesmo autor-. Tamén se repite a lenda do tesouro deixado polos *mouros* no cruceiro de Vilariño (Millerada) e no da capela do Castro, en San Miguel de Presqueiras.

En case todos paraban antes os enterramentos, e moitos marcaban o camiño cara o mosteiro de Aciveiro ou a proximidade do río Lérez -de novo a dicotomía relixión-natureza-.

Nas ilustracións e fotografías acompañadas de textos específicos que seguen non están todos os que son, por non estendérmonos demasiado nas

páxinas desta publicación. Un inventario máis exhaustivo daría o seguinte resultado -coa aclaración de que non todas as que se citan existen xa-.

- **Parroquia de San Xoán de Meavía:**
 - Cruceiro parroquial (Igrexa)
- **Parroquia de San Bartolomé de Pereira:**
 - Cruceiros de Nercellas
 - Cruceiro parroquial (San Bartolomé)
 - Cruz de Muras
 - Cruz de Castro
 - Cruz de San Bartolomé
 - Cruz de Cerdeiriñas (San Bartolomé)
- **Parroquia de San Pedro de Quintillán:**
 - Cruceiro parroquial ou das Procesiós (Quintillán)
 - Cruceiro de Quintillán
 - Cruz da Graña de Cabanelas
 - Cruz de Rozados
 - Cruz de Leboso
- **Parroquia de Santa María de Aciveiro:**
 - Cruceiro parroquial ou do mosteiro
 - Cruz de Chousiño (Forno)
 - Cruz da Porteliña (Forno)
 - Cruz de Pedriña Longa (Rochela)
 - Cruz da Rochela
 - Cruz de Lamasgalán
 - Cruz de Filloi
- **Parroquia Santa María de Dúas Igrexas:**
 - Cruceiro parroquial (Igrexa)
 - Cruceiro de Quintelas de Riba
 - Cruceiro de Valiñas
 - Cruceiro da Mámoa
 - Cruz de Rabadeiras
 - Cruz do Campo (Rabadeiras)
 - Cruz de Redondiñas (Rabadeiras)
 - Cruz da Granxa (Córneas)
 - Cruz de Xixirei (Igrexa)
 - Cruz de *Jesusa* (Igrexa)
 - Cruz da Veiga Grande (Loureiro)
 - Cruz da Ponte do Crego (Igrexa)
 - Cruz de Pascua Rozados (Quintelas)
- **Parroquia de San Martiño de Forcarei:**
 - Cruceiro parroquial (Forcarei)
 - Cruz das Casetas

- Cruz do Barriño (Salgueiro)
- Cruz da Fontacoba (Chamosa)
- Cruz da Granxa (Chamosa)
- Cruz da Fonte de Baixo (Chamosa)
- Cruz da Fonte de Riba (Chamosa)
- Cruz do Cemiterio (Forcarei)
- Cruz da eira de Mariño (Forcarei)
- Cruz da Cruciña (A Ponte)
- Cruz de Covas
- Cruz do Paraugueiro (Covas)
- **Parroquia de San Mamede de Millerada:**
- Cruceiro parroquial (Igrexa)
- Cruceiro de Hermosende
- Cruceiro de Vilariño
- Cruz da Serra (Berrozo)
- Cruz de Quintelas
- Cruz de Calvos (Fixó)
- **Parroquia de Santa Mariña de Castrelo:**
- Cruceiro parroquial (Barciela)
- Cruceiro de A Mámoa
- Cruz do Vieiro
- Cruz de Cotoaciveiro
- Cruz das Millaras (Murada)
- Cruz da Murada
- Cruz do Chucareiro (Murada)
- Cruz da Capela (Liñares)
- Cruz de Valameán (Lerce)
- Cruz do Coto do Río (Lerce)
- Cruz da Barciela
- **Parroquia de San Nicolás de Ventoxo:**
- Cruceiro parroquial (Ventoxo)
- **Parroquia de Santa María Madanela:**
- Cruceiro parroquial (Soutelo)
- Cruceiro da Madanela
- Cruceiro de Sanguñedo (particular)
- Cruceiro de Codesás
- Cruceiro de Soutelo
- **Parroquia de San Miguel de Presqueiras:**
- Cruceiro parroquial (San Miguel)
- Cruceiro de Nosa Señora do Castro
- Cruceiro de Outeiro
- Cruceiro de San Antonio


- **Parroquia de Santa Mariña de Presqueiras:**
 - Cruceiro parroquial (Alfonsín)
 - Cruz de Cernadelo
- **Parroquia de Santiago de Pardesoa:**
 - Cruceiro parroquial (Pardesoa)
 - Cruceiro de Santiago
 - Cruceiro de San Marcos



Detalle do cruceiro de Ventoxo




CRUCEIRO PARROQUIAL DE ACIVEIRO: Data de 1893. De plataforma triple e pequena basa triangular coas caras curvas. Fuste dividido en tres partes segundo a súa sección: cadrada, octogonal e cilíndrica. Ten a media altura a figura da Verónica portando a Santa Faz nun pano. O capitel é composto e a cruz cilíndrica. Nun lado o Cristo, enriba dunha caveira e tibias, cun anxo recolléndolle o sangue que lle agroma dun costado. No reverso a Virxe das Dores coa espada cravada, soportada por unha peaña con cabeza de anxo, e dous anxos máis soportando un dosel.



O fuste mide 3,40 m., a basa 60 cm. e a cruz 1,60 m. Emprázase no adro do mosteiro de Aciveiro. O seu autor, Xosé Ferreiro, foi tamén o artífice dos cruceiros da igrexa de Forcarei, de Cerdedo e dun dos que conforman o *Via Crucis* de Quireza. Xosé foi un dos mellores mestres canteiros saídos da Terra de Montes, e naceu en torno a 1850 no veciño concello de Cerdedo. Ademais das fermosas mostras da súa arte na comarca, sábese que tamén traballou nos castelos ferroláns de A Palma e San Martiño, e morreu en 1910, esmagado por un carballo.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE MEAVIA: Data do século XVIII. Érguese sobre plataforma cuádruple, con dous graos superiores moldurados. Posúe alta basa cúbica con entrepanos rectangulares nas caras. O fuste é octogonal e o capitel composto. A cruz ten sección tamén octogonal. Imaxes de Cristo e a Virxe das Angustias sobre peaña. A basa mide 85 cm., o fuste 2,40 m. e a cruz 1m. Emprázase no adro da igrexa de San Xoán de Meavía, fronte a ábsida. Funde os usos devocional e procesional.



É tradición que no domingo de Pascua saia a procesión en torno a el e mais á igrexa. Lémbrese que, antigamente, utilizábase o contorno do cruceiro para á venda de froitas, en especial cereixas, que se poñían na plataforma do mesmo. Persoas ofrecidas ó Santo Cristo da Agonía daban voltas axeonlladas en torno á igrexa e ó cruceiro. Mesmo a xente que se consideraba “endiañada”, é dicir, atribuíaselle tamén función exorcizadora. Non é moi probable que este cruceiro sufrira cambios de emprazamento, ou alomenos ninguén lembra oír falar deste suposto.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE VENTOSO: Data do século XVIII. Cun gran zócalo de apoio, plataforma dobre e basa cúbica sinxela. O fuste é octogonal (con comezo en sección cadrada). O capitel composto. A cruz cadrada con vértices redondeados. Imaxe de Cristo de estilo románico, coas costelas moi marcadas, e a figura dun freire (¿San Nicolás?) abrazando a súa perna dereita. Non está moi claro tampouco que a outra imaxe sexa a da Virxe ou a de Santa Bárbara. Está coroadada por dous anxos, e sostén coas mans dous escapularios. Baixo dela, catro figuras espidas.



A basa do cruceiro mide 40 cm., o fuste é de 2.20 m. e a cruz de 1 m. Na festa do Corpus e na do Santísimo (3º domingo de xullo) é tradición que saia a procesión da igrexa e dea unha volta ó redor do cruceiro, coa Custodia baixo palio. Diante do cruceiro, elabórase unha alfombra de flores e fentos compoñendo a figura da Custodia. Utilízanse sobre todo flores de codesos, hortensias, lirios da espadana e xestas. Tamén acostuma a se colocar diante da plataforma unha mesa con mantel. O pedestal que posúe é novo, arranxo de hai uns 25 anos, tempo no que tamén se restaurou a igrexa. O cruceiro perdeu a orixinal policromía.



CRUCEIRO PARROQUIAL DE CASTRELO: De finais do século XVIII e principios do XIX, é un cruceiro elaborado de plataforma única, basa cúbica coas caras curvas e unha pequena mesa circular apoiada nun só pé cilíndrico. O fuste, de 3,10 m., é octogonal, pero cadrado ata o primeiro tercio da altura. O capitel é composto e a cruz biselada con remate dos cantos en flor. Imaxes de Cristo de talla moi naturalista e a Virxe Dolorosa con espada de ferro cravada no peito. A cruz mide 1 m., e a basa 65 cm. Emprázase a carón do templo parroquial, no lugar da Barciela, e tamén fica preto dunha Torre de Alarma do século XIV.



O día da Patroa, Santa Mariña (18 de xullo), sae a procesión da igrexa, percorrendo a rúa lonxitudinal ata unha pedra-mesa colocada preto da estrada que vai a Folgoso. Alí, colócase un mantel na pedra e adórnase con flores, para dar a volta e seguir ata o fondo de novo. O cruceiro tamén se adorna con flores. Pode que o cruceiro sexa contemporáneo da rectoral, obra sobre a que se pode ler: “Esta obra se hizo siendo cura Dn. Alonso Reigosa 1859”.



CRUCEIRO PARROQUIAL DE PEREIRA: De moi recente construción (anos 80-90 do século XX), sustitúe ó primitivo que se perdera nun accidente. Ten escalinata dobre e basa cúbica sinxela, de 45 cm. De fuste octogonal 2,10 m. cun primeiro tramo cadrado. O capitel é esquemático, sen talla. Cruz de sección cadrada e biselada que mide 90 cm., coas imaxes de Cristo e unha Virxe sostida sobre unha peña moi plana.





Figura dentro dos camiños procesionais dos enterros. Tamén pasa ó seu redor a procesión nas festas desde a igrexa de San Bartolomeu. Atópase nun cruce de camiños, á beira da estrada que vai a Aciveiro, marcando o punto de entrada á igrexa da parroquia de Pereira.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE QUINTILLÁN: Data do século XIX, aínda que a basa sobre a que se apoia, pola súa tipoloxía e inscricións, con toda seguridade serán de séculos anteriores (XVI ó XVIII). É un cruceiro moi elaborado, de plataforma triple cadrangular sobre a que se ergue, no derradeiro grao, unha mesa. A basa é cubica, con gravados en relevo de cunchas. O fuste, de 1,81 m., é de sección circular con éntase na parte central. No seu corpo dispóñense, con gran volume, elementos propios da paixón: escaleira, lanza, columna, martelo, man, cántaro, galo... Ten as imaxes de Cristo e da Nosa Señora das Angustias moi pegadas á cruz.



É o de composición máis barroca de todo o acervo etnográfico do concello. Emprázase actualmente na carballeira de entrada ó adro da igrexa parroquial de San Pedro de Quintillán, aínda que foi trasladado dúas veces nos derradeiros vinte anos. Posiblemente a basa pertenza a un cruceiro antigo ó que substituiría o actual. Introduce este exemplar innovacións formais, no groso vulto escultórico das pezas máis representativas: o fuste, o capitel e os relevos. En torno seu, sae a procesión o día da festa de San Pedro, desde o templo e o cemiterio adxacentes. No cemiterio atópanse esculturas funerarias de prodixiosa talla.



CRUCEIRO PARROQUIAL DE PARDESOA: Procede de entre os séculos XVII e XVIII, agás a cruz e imaxes, que son do XX. De plataforma triple con mesiña no grao superior, basa de 45 cm. cúbica con entrepanos nos lados e unha figura de peregrino ou crego con báculo. Fuste cilíndrico de 1,90 m., estriado, no que metade das estrías desaparecen a partir da altura central. O capitel é composto e moi alongado. A cruz é moderna, mide 1 m. e presenta sección circular coas imaxes de Cristo e a Virxe. Atópase na carballeira de entrada á igrexa parroquial de Santiago de Pardesoá.



Na mesma carballeira tamén se conmemora a célebre festividade de San Bieito. Utilízase nas procesións que saen da igrexa de Santiago, para dar a volta e volver cara o templo. O contorno é especialmente fermoso, con carballos, cipreses e prados, lonxe das edificacións, nun lugar afastado onde só se atopan o cruceiro, a igrexa e o campo da festa.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE DÚAS IGREXAS: O pedestal, octogonal de dous graos, pertence ó século XIX. O fuste e o grupo de imaxes da cruz ó derradeiro tercio do século XX. A basa tamén é octogonal e con moldura de remate. Sobre ela érguese un cono piramidal e segue o fuste cadrado e biselado. O capitel é de estilo corintio, pero nos recantos remata en cabezas de anxo en lugar de nas tópicas follas de acanto. A cruz é cadrada e tamén biselada, coas imaxes de Cristo e a Virxe. Esta, con vestimentas moi pregadas, sobre unha peña con cabezas de anxo.



A basa mide 90 cm., o fuste 2,50 m. e a cruz 1 m. Emprázase ó pé da igrexa parroquial de Santa María de Dúas Igrexas, e sustitúe, coma no caso de Pereira, ó antigo que foi derrubado nun accidente, e foi logo reconstruído pola Escola-obradoiro Terra de Montes. Nas numerosas festas da parroquia: o Corpus, a Santa Lucía, o San Amaro e o Rosario marcaba o punto por onde pasaba a procesión, e era adornado (no Corpus con flores). Tamén se colocaba sobre el un mantel branco.



CRUCEIRO PARROQUIAL DE MADANELA: Atópase no adro da igrexa de Santa María Madanela, en Soutelo de Montes, e data dos anos 60 do pasado século. Posúe un gran zócalo na base, que repite o perímetro da varanda de cerre. Pequena basa cúbica, de 40 cm. e fuste octogonal de 2,5 m. Na media altura ten a figura do apóstolo Santiago a imitación da imaxe sedente que figura no parteluz do pórtico da Gloria. Capitel composto e cruz cadrada de 1 m., biselada con remate en puntas da cruz do Santo Oficio. Imaxes de Cristo por unha cara, e pola outra do apóstolo vestido de peregrino co neno Xesús en brazos.



Amósase en moi bo estado de conservación e moi ben inserto no contorno no que se atopa. É dos máis modernos canto á súa construción, exceptuando os casos de varios exemplares que tiveron de ser reconstruídos por mor dalgún accidente ou sumo desgaste. Tamén, que saibamos, é o único no que figura o tema do apóstolo Santiago como coprotagonista icónico. Está, ademais, moi ben emprazado e protexido pola varanda que o arrodea e que configura un espacio exclusivo que o remarca.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE FORCAREI: Data de finais do século XIX, e a súa autoría débese ó mesmo artífice do de Aciveiro, Xosé Ferreiro. Posúe un zócalo octogonal con moldura de remate. A basa é cúbica con caras curvas, e catro atlantes en figuras de nenos sosteñen a cornixa da que arranca o fuste, cilíndrico e con estrías. A media altura ten unha figura feminina de sinuosa postura sobre peaña de volutas. O capitel é composto e con cabezas de anxos. A cruz é cilíndrica e presenta nodosidades vexetais. Imaxe moi naturalista de Cristo, cun anxo ó que lle falta a cabeza recolléndolle o sangue, e a Virxe coroada por dous anxos moi separados do pao horizontal.



Ata os anos oitenta localizábase no medio da praza da igrexa. O estado de conservación é bo. É, coma tódolos do seu autor, de talla naturalista e de formas lanzais e ben proporcionadas. Forma un bo conxunto co templo parroquial de San Martiño de Forcarei e co espacio adral, hoxe convertido nunha praza de amplas proporcións e de deseño clásico e aberto.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE MILLERADA: Procede dos séculos XVII-XVIII. Emprázase enriba do muro posterior que pecha o adro da igrexa de San Mamede de Millerada. Na parte interior do mesmo ten unha mesa achegada a el, que en realidade son dúas pegadas, unha de base plana e dun só lenzo e outra diante, máis pequena, con soporte curvo. Na mesa, dous pináculos franquean a base do cruceiro. O fuste é cilíndrico, alto e con capitel composto. Acruz é de sección tamén cilíndrica, coas imaxes de Cristo e a Virxe Dolorosa sobre peña vexetal.



A basa ten unha medida de 50 cm., o fuste ten 2,50 m. e a cruz mide 1 m. O día 11 de agosto (día do Santísimo) fáiselle unha ofrenda floral na base (tema da imaxe floral do cáliz coa sagra forma) e, na procesión que sae da igrexa, acostuma a facérselle tamén unha reverencia. Non se aprecian, por outra banda, transformacións de relevancia alleas ás trazas barrocas orixinais.




CRUCEIRO PARROQUIAL DE SANTA MARIÑA DE PRESQUEIRAS: A basa, o fuste e o capitel datan dos séculos XVII-XVIII, a cruz, as imaxes e a mesa, do século XX. Non ten plataforma, pero si unha ampla base con mesa. A basa é octogonal con derrame cara o fuste, tamén octogonal ata máis arriba da altura media, en que aparecen dúas pequenas figuras e o fuste tórnase estriado. O capitel é composto, coas volutas invertidas. A cruz é de cativo tamaño, cadrada e coas imaxes de Cristo e a Virxe. Emprázase en fronte á fachada da igrexa parroquial de Santa Mariña.



A basa ten unha medida de 60 cm., o fuste 2,30 m. e a cativa cruz só 75 cm. Haberá uns 25 anos substituíuse a plataforma orixinal redonda por extensa lousa de pedra e unha mesa que morde parcialmente o fuste. Aínda anterior foi o cambio ou reformas no grupo escultórico da cruz, con amaños de nova man nas imaxes, total ou parcialmente. É adornado con flores nas festividades de San Antonio, Santa Mariña (a patroa) e de Corpus.



CRUCEIRO PARROQUIAL DE SAN MIGUEL DE PRESQUEIRAS:
Cruceiro sinxelo do século XVIII. Non ten plataforma. A basa, de 50 cm., é cúbica con entrepanos cadrados nas caras. O fuste de 1,85 m. é cilíndrico, e o capitel xónico e con varios colariños. Ten unha cruz de 70 cm. cadrada asentada no propio capitel, cun ensanchamento a xeito de base. Ten unha pequena base- mesiña no seu fronte. Atópase no terreo que hai entre o templo parroquial e o cemiterio arrimado.




No cemiterio parroquial tamén se atopa o sartego do pintor Virxilio Blanco. Función votiva do cruceiro en desuso, e función procesional unha vez ó ano, na festa do patrón da freguesía, San Miguel. Cabe sinalar que a mesiña repousadoiro semella obra distinta do resto do conxunto, pola irregularidade da peza horizontal. As vistas desde a paraxe onde se atopa o grupo parroquial conformado pola igrexa, o cruceiro e o cemiterio, son das máis fermosas que podemos atopar na Terra de Montes.



CRUCEIRO DE QUINTELAS: Sito na aldea de Quinteladas (Dúas Igrexas), data de 1863. Elévase nunha plataforma triple sobre zócalo xa de por si elevado de cachotería. A basa é cúbica, con entrepanos cadrados nas caras. Con fuste octogonal e biselado, de 2,80 m., presenta elementos da paixón de Cristo nunha cara. O capitel é xónico con cabezas de anxo entre as volutas. Cruz circular con nodosidades vexetais. A imaxe de Cristo está sen brazos. A cruz mide 90 cm. Marcaba o camiño de paso para o mosteiro de Aciveiro.




CRUCEIRO DE VALIÑAS (Dúas Igrexas): Data de entre os séculos XVII e XVIII. Parte dunha basa formada pola superposición irregular de lousas de pedra horizontais ata chegar a unha peza maior e de mellor labra cadrada. Fuste octogonal de 1,25 m. e capitel groso de caras moi marcadas baixo un anel tamén groso e formado por relevos de aspiración en volutas con faces de anxo centrais. Cruz de sección rectangular coas imaxes de Cristo e a Virxe, de pouco vulto. O emprazamento non é o orixinal.



CRUCEIRO DE QUINTILLÁN: do ano 1874, con dous pasos de cachotería para atopar o equilibrio na ladeira. Presenta fuste cadrado e biselado de 1,39 m. e remates en ménsula cara o capitel, sinxelo e de molduras horizontais curvas. A cruz, que mide 75 cm., non ten imaxes e é de sección tamén cadrada e biselada. Atópase nun cruce de camiños, próximo á estrada de Quintillán, a onde se cambiou haberá uns 25 anos. Fora traído de Aciveiro á aldea de Casetas e posteriormente trasladado a Quintillán.



CRUCEIRO DE A MÁMOA (Castrelo): do ano 1801. De plataforma dobre sobre zócalo de cachotería. Baza composta de varias molduras e perfil curvo. Fuste cilíndrico liso. Capitel de estilo xónico ó que lle faltan dúas volutas. Contén inscricións no perímetro do primeiro corpo da baza e na moldura central (a súa data). O fuste mide 2,30 m. Sofre a perda tamén da cruz. Emprázase nun cruce de camiños ó pé duna carballeira.



CRUCEIRO DA MÁMOA (Dúas Igrexas): Data dos séculos XVIII-XIX, e é o único que sobrevive da antiga igrexa da parroquia desafectada ó culto a finais do século XIX. Emprázase nun lugar a medio camiño da Igrexa e Quintelas. É de base cúbica sinxela, con debuxo de entrepano na cara principal. O fuste, de 80 cms. (seccionado), ten corte cadrado e dividido en segmentos verticais con relevos: amósegas verticais, flor de lis...e na parte posterior unha frecha cara abaixo e outros motivos.



CRUCEIRO DE HERMOSENDE (Millerada): Cruceiro de moi dispar datación, posto que as imaxes e o capitel datan do século XVIII, o fuste e a basa foron reformados no XIX e a plataforma é de finais do século XX. A basa é cúbica con caras lixeiramente curvas. Fuste, de 2,30 m., cadrado e con arestas biseladas. Contén elementos da paixón de Cristo: escaleira, cáliz e tenaces. Capitel xónico e cruz cadrada e biselada, rematando as puntas en flores de lis. Imaxes de Cristo e a Virxe, dolorosa, coa peña encastrada no capitel.



CRUCEIRO DE SOUTELO: Data dos séculos XVII-XVIII. Con plataforma dobre, basa cúbica baixa e fuste de 2.90 m. de sección circular con estrías en forma de escamas lineais. O capitel é composto e con cabezas de anxos entre as volutas superiores. A cruz de 1 m. de altura é de sección cadrada, con listóns perimetrais. Imaxes dun Cristo e a Virxe sostida por unha peaña de cabeza de anxo. É de carácter votivo. Parece ser, polas trazas estilísticas, do mesmo autor co cruceiro de San Marcos.



CRUCEIRO DE SAN MARCOS (Pardesoia): Data tamén dos séculos XVII-XVIII. De plataforma igualmente dobre e basa cúbica con debuxos de cadrados e círculos, do cáliz e a sagra forma. Fuste de 2,10 m., cilíndrico e con interesantes estrías a xeito dun revestimento de escamas. Capitel composto e cruz cadrada estriada, e imaxes de Cristo e a Virxe pregando sobre peaña con cabezas de anxos. Posúe unha evidente inclinación. Sitúase no camiño sacramental cara o cemiterio. Paraban os enterramentos diante.



CRUCEIRO DE VILARIÑO (Millerada): Do século XIX. É un cruceiro sinxelo, con plataforma dun único grao. Baza cúbica sinxela sobre a que se ergue un alto fuste (2,80 m.) de sección octogonal con arranque cadrado. Capitel interesante cun corpo circular liso e outro formado por volutas xónicas e cabezas centrais de anxos. De cruz cadrada con rebaixes nas arestas, e despedindo raios celestiais na intersección dos dous brazos da mesma. Marca o punto de procesión que sae da capela da Virxe dos Milagres.



CRUCEIRO DE SANTIAGO (Pardesoa): Data do século XIX a columna e do XX a cruz e a imaxe do Cristo (hoxe separada da cruz). Non conserva pedestal. A baza é de molduras curvas moi pronunciadas e o fuste, de 1,55 m., octogonal. Capitel interesante, interpretación dun composto. Cruz de sección cilíndrica e imaxes dun Cristo e a Virxe María sobre unha peaña con cabeza de anxo.

FORCAREI



NATUREZA ARTISTICA

ARTE NATURAL





I ENCONTROS NATUREZA E ARTE EN FORCAREI

25-31 AGOSTO

PONTE MARIL - ÁREA DO COTELO



Asociación de Artistas
Plásticos de Pontevedra



Concellería de Cultura
de Forcarei



DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO



Rías Baixas

PATRONATO DE TURISMO
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



Excmo. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA